

## as pontes

A Xunta realizará unha avaliación do parque dos Carbóns para ver o seu valor. **Páx. 8**

## castro de rei

O alcalde anuncia un acordo coa Xunta para mellorar a calidade da auga da traída. **Páx. 12**

## guitiriz

O Concello inaugura o novo ximnasio, que contará cun período de proba de balde. **Páx. 17**

## begonte

José Antonio Vázquez e Xesús Domínguez Guizán, fillos adoptivos da localidade. **Páx. 21**

## deportes

Preparan a Vaca Loura Gravel, que terá lugar en xuño en Castro de Rei. **Páx. 31**

## Vilalba proxecta unha remodelación do centro



## Os queixos da comarca pasan a primeiro plano

Están convocadas dúas feiras de relevo, a de Friol, que será o 22, e a de Vilalba, o 4 e 5 de abril. **Páx. 4 e 10**

## A Deputación pide apoios á diversidade

O pleno ordinario tamén aprobou unha moción para pedir a salvagarda do patrimonio. **Páx. 25**

## Valentín Sanjurjo



Este veciño de Goiriz presentou o seu segundo poemario. **Páx. 5**

## Asociación de Árbol



Óscar Puente pasou a presidir a entidade tras once anos. **Páx. 6**

## Aniversario de Xermolos



A entidade chega ao medio século de vida da man de Alfonso Blanco. **Páx.16**

## Un novo título para a Serra do Xistral

Unha iniciativa da USC busca que sexa recoñecida Paisaxe Emblemática Mundial. **Páx. 26**

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

**2x1  
EN LENTES  
CONTROL DE MIOPIA**

PROMOCIÓN DISPONIBLE ATA O 31 DE MARZO\*

Vilalba 982 51 01 00  
As Pontes 981 45 15 04

## A Alcaldía impulsou no 2025 investimentos por máis de 3,5 millóns

Marta Rouco xestionou e impulsou durante o ano 2025 obras e investimentos cun orzamento conxunto superior aos 3,5 millóns de euros. As obras foron no casco urbano e nas parroquias de Vilalba para mellorar os servizos e infraestruturas públicas que utiliza a diario a veciñanza. A maior parte das actuacións xa están rematadas e outras en execución.

Unha parte das obras realizadas financiáronse con fondos propios, pero outras moitas aprobáronse grazas aos convenios e achegas xestionadas pola alcaldesa, Marta Rouco, con outras administracións, principalmente a Deputación de Lugo e o goberno do Estado.

“É moi necesario xestionar acordos con outras administracións, porque nun concello como Vilalba temos un orzamento limitado e condicionado por partidas como a da Axuda no Fogar”, lembra Marta Rouco, que lamenta “que Vilalba non exista para a Xunta desde o ano 2019”. “Todos os proxectos e actuacións dan resposta a unha programación previa que realizamos no concello para mellorar os servizos públicos, fixar poboación e facer de Vilalba un bo lugar para vivir, traballar e conciliar”, engade a alcaldesa.

Entre as obras financiadas no ano 2025 con fondos propios, están a pista multiocio do Campo da Feira; os novos Farois LED da praza Constitución; o alumbeado da rúa Basanta Silva; a nova área de autocaravanas; a renovación Rúa



Benxamín Paz; a rexeneración da Estrada entre O Castro e Gondáis-que; a reforma do primeiro andar da Biblioteca Municipal; a renovación da rúa Bispo Varela; da avenida de Cospeito entre as rúas Foz e Abadín; as rexeneracións da Travesía de Foz e da rúa do Rego; o vial do barrio de Paraños (Lanzós); os accesos ás vivendas en Sancovade, e o vial en Coto, Mourence.

Froito de acordos con outras administracións, aprobouse a rehabilitación da Casa do Concello; as melloras no CEIP Mato Vizoso; a rexeneración da LU-P-6513; a renovación da estrada de Vilate a Ribado; o sistema en sombra da Avda. Terra Chá; os máis de 15 quilómetros de pistas renovadas nas parroquias; a mellora do alumbeado no polígono; a reforma da cuberta da Casa da Cultura; o novo PAI; o parque infantil Rosalía de Castro; os accesos ao barrio de Fontiñas, e a renovación do firme de tres rúas.

## Carmela López anuncia o proxecto para humanizar o campo da feira

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, xunto á alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, comprobou este xoves o avance dos investimentos que a institución provincial está a executar no municipio e que están a contribuír á transformación e mellora do seu centro urbano. No marco desta visita, na que Carmela López asinou no libro de ouro do Concello, ambas mandatarias deron a coñecer un novo proxecto de case 230.000 euros, financiado conxuntamente pola Deputación —que achega 192.251,19€— e o Concello —que colabora con 36.000—, para construír un novo parque infantil no campo da feira, ao carón da pista multi-deporte, así como para adecuar a contorna e garantir un acceso seguro á zona de lecer.

Nese sentido, o proxecto contempla un parque infantil de 180 metros cadrados no que se instalará un pavimento continuo de dobre capa en toda a superficie, delimitada por unha valla de madeira en postes e traveseros. Ademais, o espazo contará cun balancín de dúas prazas, unha rede de xogos, iluminación e catro proxectores.

Así mesmo, este proxecto tamén recolle a adaptación dos arredores para garantir a seguridade dos usuarios, posto que se atopa ao carón dun aparcadoiro. As actuacións que hai previstas van dirixidas a separar a zona do parque do aparcamento e nelas inclúense: a instalación dunha zona verde, a creación dunha nova entrada desde a rúa da Feira cunha rampla para favorecer o acceso de persoas con mobilidade reducida; a mellora do pavimento nas zonas



que sexan necesarias; a instalación de árbores, bancos, mesas, fontes e iluminación tipo LED.

Durante a xornada, Carmela López, percorreu outros puntos do municipio nos que se realizaron varias actuacións recentemente. Cun investimento da Deputación próximo ao medio millón de euros melloráronse accesos e vías, espazos públicos e equipamentos municipais.

Nese sentido, Carmela López achegouse ata o parque Rosalía de Castro, que se remodelou de xeito integral grazas a unha achega de case 40.000 euros. Con esta actuación substituíuse o pavimento de dobre caucho, a valla de 100 metros cadrados e tamén se renovaron todos os xogos: instalouse unha casiña, un xogo múltiple con tobogán, bambán e redes.

Achegouse tamén ata o barrio das Fontiñas para comprobar o resultado dos traballos de rehabilitación do firme desta vía que dá acceso ás vivendas situadas neste residencial

desde a rúa Conde Pallares. Con algo máis de 30.000 realizáronse traballos de fresado en 200 metros de firme, repavimentouse con aglomerado en quente e repúxose a sinalización co pintado de marcas lonxitudinais transversais.

Continuou a visita coñecendo dúas obras realizadas a través do Plan Deputación 2025: unha delas foi a renovación integral do pavimento e a mellora da accesibilidade na rúa Benxamín Paz, uns traballos para os que a institución provincial achegou 133.478,70€. E, por outra banda, supervisou a restauración que se realizou con 88.530,65€ na biblioteca municipal: a nova Aula Agustín Fernández Paz, que albergará parte do legado do recoñecido escritor vilalbés; e a sala de estudo, que conta agora con novo mobiliario, teito acústico e luminarias LED.

Por último, a presidenta comprobou as obras de mellora que se realizaron na LU-P-6513, a vía que une Vilalba con Momán.

**¡Para todo lo que tu automóvil necesita!**

**Reparaciones Carlos, s. L.**

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)  
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319  
jcpenelas@bosch-bcs.com

**MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR**  
Especialistas en moble modular e agora tamén  
**DESEÑAMOS A TÚA COCIÑA**

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

# Ultiman a obra da nova aula e da sala de estudo da Biblioteca

O Concello de Vilalba avanza na fase final das obras do primeiro andar da Biblioteca Municipal Agustín Fernández Paz, un proxecto impulsado desde a Alcaldía que permitirá crear un novo espazo composto pola aula Agustín Fernández Paz —de carácter expositivo e divulgativo— e unha renovada sala de estudo adaptada ás necesidades actuais dos usuarios e usuarias.

A alcaldesa, Marta Rouco, e o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luis Fernández, visitaron hoxe o avance das obras, nas que xa se está a instalar a nova iluminación e os últimos elementos estruturais.

Durante a visita, a rexedora destacou que se trata “dun proxecto concibido para abrir a biblioteca ao coñecemento e á memoria dun dos escritores máis queridos de Vilalba”. Rouco salientou que a intervención



“non é unha simple renovación estética, senón unha aposta firme pola modernización dos servizos públicos e polo recoñecemento ao legado de Agustín Fernández Paz”.

O proxecto abrangue a actuación sobre 150 metros cadrados, creando un espazo diáfano dividido en dúas áreas conectadas: a aula Agus-

tín Fernández Paz, que albergará parte dos fondos doados pola familia ao Concello, nun espazo luminoso cun gran ventanal sobre Vilalba; e a sala de estudo renovada, con novo mobiliario adaptado ás necesidades actuais, teito acústico para reducir a reverberación e luminarias LED.

# Marta Rouco reclama unha resposta urxente sobre a estación de bus

O Concello denuncia, unha vez máis, o que considera un “patrón sistemático de desinterese” por parte da Xunta cara a un municipio e uns veciños que levan anos agardando respostas que non chegan.

A alcaldesa, Marta Rouco, lembra que hai xa un mes solicitou unha reunión urxente coa directora xeral de Mobilidade para abordar solucións inmediatas, unha petición que non foi atendida nin obtivo resposta algunha.

Rouco explicou que “o silencio da Xunta é inaceptable ante unha situación que afecta á mobilidade e ao servizo público que reciben centos de veciños e veciñas cada semana”. A rexedora subliñou que a falta de comunicación institucio-

nal “non é un simple atraso administrativo, senón unha mostra máis do escaso interese da Xunta por resolver un problema que leva máis de dous anos enquistado”.

Segundo lembrou a alcaldesa, a estación de autobuses continúa “sen baños operativos, sen un espazo digno de espera, sen información actualizada para os usuarios e cun deterioro evidente na súa contorna e nas propias instalacións”.

Rouco destacou que “Vilalba non pide privilexios, pide o mesmo trato que outros municipios galegos. Non hai ningunha xustificación para que a capital da Terra Chá, un punto estratéxico de conexións por estrada como é Vilalba, teña unha estación nestas condicións”.

## POEMARIO INTERNACIONAL



Vilalba acolleu a presentación do poemario *Nakba*, obra de Patricia Torrado, gañadora do 51º Certame Literario municipal. O libro constitúe unha denuncia poética da barbarie e unha reivindicación da dignidade do pobo palestino, empregando o galego como fio condutor e ponte entre culturas. Desde o Concello destacou a relevancia dunha obra escrita en Vilalba, ilustrada desde Gaza e traducida ao árabe, inglés e castelán, que proxecta a creación literaria local a nivel internacional.

# Programan un Centro de Procesamento do Mel na antiga Escola da Pedragosa

Presentouse en Vilalba un pioneiro proxecto para a creación dun Centro de Procesamento e Transformación do Mel que permitirá ás produtoras e produtores locais procesar o seu produto de maneira totalmente gratuíta e sen necesidade de realizar investimento propio en maquinaria.

A iniciativa contempla a rehabilitación integral da antiga Escola da Pedragosa, na parroquia de San Simón, co obxectivo de convertela nun moderno centro de transformación dotado con equipamento de última xeración. Entre a maquinaria prevista inclúese unha desoperculadora automática, un madurador calefac-

table de 70 litros, un cerficador con capacidade para 20 cadros, un extractor eléctrico de seis cadros, unha envasadora premium con soporte e un banco de decantación para o filtrado do mel.

O proxecto tamén contempla melloras nas instalacións, como a colocación dun pavimento multicapa antiescorregadizo apto para uso industrial e a instalación dun moderno lavadoiro industrial. Ademais, pintárase toda a zona de actuación, renovarase as luminarias substituíndoas por tecnoloxía LED e mellorarase a accesibilidade mediante a ampliación da actual rampla en formigón

desactivado e a colocación dunha varanda de aceiro lacado, eliminando así as barreiras arquitectónicas existentes.

O Concello vén de presentar a documentación necesaria para optar ao programa de axudas para Proxectos de creación, mellora e ampliación de servizos básicos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. O centro incorporará tamén un aparcabicycles para fomentar a mobilidade sostible, un colector de aceite usado para favorecer a reciclaxe, un Punto Verde, así como a mellora da sinalización da parroquia nas zonas adxacentes.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA  
HIDRÁULICA  
TRANSMISIÓN  
HERRAMIENTAS  
ACEITES

TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS  
MUELLES  
CORREAS  
RODAMIENTOS

TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS

JOHN DEERE eni  
CEPSA BCS  
PETRONAS TIMKEN BZ bezares S.A.

TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS

Milwaukee  
Nothing but HEAVY DUTY.

RYS SESACAR  
RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53  
Pol. Ind. Sete Pontes  
27800 Vilalba - Lugo  
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656  
recambios@sesacar.com

AXENDA CULTURAL

**LANZÓS.** A parroquia de Lanzós xa ten todo listo para celebrar as súas tradicionais festas de San Xosé os días 14 e 15 de marzo. O sábado comezará cunha misa ás 13:30 horas, seguida dunha procesión e dunha sesión vermú amenizada polo grupo Fuxción Latina. Pola noite, terá lugar unha gran verbena coa actuación de Fuxción Latina e a orquestra Los Satélites. O domingo tamén haberá misa, procesión e sesión vermú, nesta ocasión co grupo Alba, que será o encargado de poñer o broche final ás festas.

**BELESAR.** Celebrará o 14 de marzo a súa primeira Festa da Xuventude. A programación arrancará ás 14.00 horas cunha sesión vermú amenizada polo dúo Son de Festa, á que seguirá un xantar popular servido pola Taberna do Trasno. A festa continuará a partir das 20.00 horas cunha verbena na que volverá actuar o dúo Son de Festa, acompañado pola Disco Móbil Eventec. Durante a xornada haberá ademais colchonetas gratuítas e sorteos.

**CORBELLE.** Corbelle celebra este ano as tradicionais festas de San Xosé o sábado 21 de marzo. As festividades comezarán ás 13:30 horas cunha misa seguida dunha procesión e a xa clásica sesión vermú amenizada polo grupo Fénix. Pola noite, a festa continuará cunha gran verbena na que volverá actuar o grupo Fénix xunto co dúo Venus e a atracción de Ruth Cundins, que presenta o seu novo espectáculo.

**VILALBA.** O Auditorio incorporará á súa programación cultural deste mes o espectáculo familiar e musical *Las Guerreras K-Pop*, un tributo escénico inspirado nos grupos máis recoñecidos deste xénero musical internacional. A representación terá lugar o día 25 ás 18:00 horas, nun evento que promete combinar música, danza e posta en escena nun formato de gran impacto visual. As entradas estarán dispoñibles desde 24,20 euros.



**INSUA.** O sábado 28 de marzo, celebrarase en Insua a VII Festa da Xuventude entre Aldeas, un evento que conta coa colaboración das parroquias de Alba, Boizán e Torre. A xornada festiva arrancará ás 14:00 horas cunha sesión vermú amenizada polo dúo Tropical, dando paso a unha comida campestre. A festa continuará cunha gran verbena a cargo do dúo Tropical e o trío Rosel, garantindo animación ata altas horas. O evento celebrarase nun campo cuberto con carpa e calefacción. Durante a comida haberá sorteos entre os participantes, e os nenos contarán con colchóns gratuítos para o seu entretemento.

**SANTABALLA.** Acolleirá os días 4 e 5 de abril a II Festa da Amizade e Pascua, unha cita festiva que combinará música en directo, propostas gastronómicas e actos relixiosos nun programa pensado para todos os públicos. A xornada do sábado comezará ás 14.00 horas cunha sesión vermú co dúo Élite. Ás 15.00 horas celebrarase o xantar, e pola tarde, ás 18.00 horas, terá lugar o baile. Ás 21.00 horas celebrarase unha degustación de pinchos de balde. A verbena arrancará ás 22.30 horas co dúo Élite e continuará coa actuación da orquestra Panamá Band. O domingo, a programación incluírá misa ás 13.00 horas, seguida de procesión e sesión vermú co dúo Eclipse, que porá o broche final ás celebracións.

# A vila prepárase para celebrar a Festa do Queixo San Simón

Vilalba prepárase para vivir os días 4 e 5 de abril unha nova edición da súa Festa do Queixo da San Simón da Costa, que leva apareladas numerosas actividades cunha gran relevancia e onde o prato estrela é este lácteo de fama internacional. A Feira do Queixo da San Simón da Costa chega á súa trixésima edición e este ano, segundo avanzou a organización, o programa virá cargado de novidades e tamén de cambios. Estes aínda non se deron a coñecer xa que a feira non se presentou e o cartel continúa a ser un segredo, pero espérase que volva ter o seu punto de reunión na praza da Constitución, onde se colocarán os postos de artesáns e

produtos gastronómicos. Todos os anos hai música, cursos, obradoiros e moitas actividades do gusto de todos os públicos. O Concello de Vilalba xa ten publicadas as bases reguladoras para a adxudicación dos postos, primeira actuación que se leva a cabo. As persoas e entidades interesadas poderán presentar a súa solicitude ata o vindeiro 20 de marzo. A convocatoria está dirixida a postos de promoción e venda de alimentos de elaboración propia, postos de produtos artesanais, así como a asociacións, institucións e entidades sen ánimo de lucro que desexen participar no evento. A instancia oficial para formalizar a solicitude está dispoñible

na páxina web municipal, [www.vilalba.gal/novas](http://www.vilalba.gal/novas), onde tamén se pode consultar o resto da documentación requirida. As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 09:00 a 14:00 horas, ou ben a través da sede electrónica municipal. Para resolver calquera dúbida ou solicitar información adicional, o Concello pon á disposición das persoas interesadas o teléfono 982 510 305 e o enderezo electrónico [paula.vigo@vilalba.es](mailto:paula.vigo@vilalba.es). Novamente espérase que este ano acudan un gran número de produtores de queixo San Simón, que combinarán os seus postos con outros de alimentación e artesanía, como todos os anos.

# A Xunta destaca a excelencia deste produto e reforza a súa promoción

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, puxo en valor en Vilalba a calidade dos queixos amparados pola Denominación de Orixe Protexida San Simón da Costa, subliñando o recoñecemento que este produto acada tanto dentro como fóra de Galicia. Durante a súa intervención, lembrou que o queixo elaborado pola queixería Prestes foi distinguido coa medalla de ouro na categoría da DOP San Simón da Costa na XXVIII Cata dos Queixos de 2025, un certame promovido pola Consellería do Medio Rural. Este galardón, sinalou, reafirma o elevado nivel dun produto que combina tradición, saber facer e control da calidade. A maiores, destacou que esta denominación é unha das catro recoñecidas en Galicia para a elaboración de queixo, consolidando así o peso do sector no conxunto da co-



munidade. Segundo os datos máis recentes dispoñibles, a DOP San Simón da Costa integra nove queixerías que acadaron unha produción certificada superior aos 560.000 quilos, cun valor económico estimado que supera os 5 millóns de euros. Desde a Consellería do Medio Rural incídese na importancia de continuar impulsando os produ-

tos acollidos a selos de calidade diferenciada como ferramenta de desenvolvemento do rural. Neste contexto, a Administración autonómica incrementará ata os 10 millóns de euros o orzamento destinado ao Plan Saborea Calidade Diferenciada de Galicia para este 2026, coa finalidade de reforzar as accións de promoción e visibilidade deste tipo de elaboracións.



**Carballo & Otero CLÍNICA DEL PIE**

- **PODOLOGÍA**  
DEPORTIVA - INFANTIL  
CIRUGÍA - DIABÉTICA  
GERIÁTRICA - PLANTILLAS
- **ECOGRAFÍA**
- **TRATAMIENTOS CON LASER**
- **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**
- **ÚLCERAS**  
ARTERIALES - VENOSAS

R.S. C-27-001184

**Carballo & Otero**  
CLINICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE  
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

Campo de Puente, 20 Bº. Vilalba - Lugo  
Telf: 982 88 75 65 • Urgencias: 609 72 97 12

# Unha poesía da terra e das emocións que naceu en Goiriz

O vilalbés Valentín Sanjurjo presentou na súa localidade natal o seu segundo libro de poemas, 'Cousas contadas doutro xeito', que reflicte o mellor de cada recuncho, facendo fincapé nas tradicións e nas persoas

A parroquia vilalbés de Goiriz converteuse recentemente nun punto de encontro para a cultura galega coa presentación do libro de poesía *Cousas contadas doutro xeito*, da autoría de Valentín Sanjurjo Blanco. O acto, celebrado na Casa Escola Habanera, reuniu arredor dun cento de persoas chegadas de distintos puntos de Galicia e tamén de Asturias, nunha convocatoria que confirmou o interese que esperta a creación literaria en lingua galega cando nace pegada ao territorio.

O edificio escollido para a cita non foi casual. A Casa Escola Habanera, espazo histórico recuperado para usos sociais e culturais, forma parte da memoria colectiva de Goiriz e simboliza esa unión entre pasado e presente que tamén percorre as páxinas da obra. O propio autor quixo que a presentación tivese lugar na súa parroquia natal, escenario dos seus primeiros pasos e fonte de inspiración constante.

No encontro participaron o secretario xeral de Política da Lingua, Valentín García Gómez, e a directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, Sandra Vázquez Domínguez, que acompañaron a Sanjurjo nun diálogo aberto co público. A intención, segundo se explicou durante o acto, era chegar a poesía tanto a lectores habituais como a quen se aproxima por primeira vez ao xénero, nun ambiente próximo e participativo.

A presentación completouse coa actuación musical de Manolo Couto, quen deu a coñecer o seu traballo *EmiThor*. A combinación de versos e música contribuíu a ofrecer unha panorámica ampla da creación contemporánea en galego e reforzou a idea dos espazos comunitarios como escenarios vivos de difusión artística.

## O LIBRO

*Cousas contadas doutro xeito* é a segunda obra publicada por Valentín Sanjurjo, despois de *Poemas da miña colleita* (2017). Segundo explicou o autor en distintas intervencións e recolle o propio limiar do libro, trátase dun traballo persoal que reúne composicións diversas, marcadas pola retransmisión galega, a crítica social e a evocación dos recordos. Nos seus versos teñen cabida as desgrazas e as celebracións, o impacto do coronavirus, a vida no rural,



**A obra tamén procura convidar á reflexión sobre a vida, o amor e o traballo, entendidos como elementos que definen a unión colectiva**

os animais que forman parte da paisaxe cotiá —vacas, burros, cabalos, porcos ou xabaríns— e, por riba de todo, a cultura, a fala e a xente de Galicia.

No prólogo, Sanjurjo explica que quixo deixar “reflectido un abano de cousas variadas, entretidas cun enfoque distinto”, sempre guiado pola vontade de render homenaxe á súa terra. Os poemas, sinala, pretenden contar a vida diaria, as tradicións e as emocións compartidas, transmitindo tanto a alegría das festas como a nostalgia do outono, a forza da natureza ou a calor humana. “Queren lembrar quen somos, valorar o noso pasado e mirar con ilusión cara ao futuro”, escribe o autor.

A obra tamén procura convidar á reflexión sobre a vida, o amor e o traballo, entendidos como elementos que definen a unión colectiva. Concibida como unha homenaxe á cultura galega e ás persoas que a fan posible, a publicación presenta unha poesía autodidacta e de lectura accesible, pensada para entreter e, ao tempo, emocionar.

## A INSPIRACIÓN

Goiriz ocupa un lugar central no imaxinario do libro. A parroquia



onde naceu e reside o escritor aparece como espazo simbólico e real, cun rural que, segundo o propio Sanjurjo, posúe unha riqueza especial: carballeiras, prados, ríos, fauna e monumentos como o cemiterio neogótico do século XVIII ou a propia Escola Habanera constitúen un pano de fondo que alimenta a súa creación.

A publicación contou co apoio económico da Xunta de Galicia, que subvencionou parte da edición, mentres que o autor asumiu o resto dos custos de impresión. O libro púxose á venda en librerías de Vilalba e tamén en establecementos da parroquia, iniciando así un percorrido que, a xulgar pola boa acollida da presentación, parte cun notable respaldo social. Aquel serán de xaneiro deixou patente que a poesía, cando bebe das raíces e fala coa voz da comunidade, é quen de convocar público e emocións arredor da palabra compartida.

**C/ Conde Pallares, Vilalba**  
Casa Adosada | 2 Dorm | 1 Baños | 150 m<sup>2</sup> | 22.000 €  
Se vende casa, para reformar, de planta baixa y piso de unos 150 metros totales. Esta situada a escasos metros del centro.

**C/ Suso Gayoso, Vilalba**  
Local | 280 m<sup>2</sup> | 150.000 €  
Se vende o alquila local en esquina en el centro de Vilalba (Lugo), tiene 140 metros en planta de calle y 144 metros en el sótano. Se trata de la antigua oficina del Banco Santander.

**Basanta Silva, Vilalba**  
Casa Adosada | 3 Dorm | 1 Baños | 213 m<sup>2</sup> | 50.000 €  
En Vilalba (Lugo), se vende casa de planta baja y piso, de unos doscientos metros totales construidos. Además de la entrada principal por calle Basanta Silva, dispone de otra salida por detrás hacia calle Lameiron, por donde dispone de un trozo de terreno.

**C/ Conde Pallares, Vilalba**  
Edificio | 330 m<sup>2</sup> | 150.000 €  
Se vende edificio compuesto por bajo y dos plantas. El bajo está destinado a garaje para al menos cuatro vehículos. El primer piso está amueblado y se divide en 4 habitaciones, sala, baño y aseo, cocina y amplia terraza cubierta. El piso segundo está dividido en 4 habitaciones y sala, baño y aseo y cocina. Precisa alguna reforma. Las viviendas tienen calefacción de gasoil y el precio incluye el terreno que hay a la espalda del edificio.

**Santa Cristina, Cospeito**  
Casa | 4 Dorm | 2 Baños | 168 m<sup>2</sup> | 50.000 €  
Casa de pueblo para restaurar con dos plantas de 84 metros cuadrados cada una. En la planta baja está un hall de entrada, cocina muy amplia, un dormitorio y un cuarto de baño. En la planta alta, hay tres dormitorios con un cuarto de baño y un pequeño hall. En la parte derecha de la casa hay un anexo destinado a cuartos y en la parte izquierda tiene un horno y garaje con tejado nuevo. Frente a la casa hay otra parcela donde está el pozo de agua.

**Plaza San Juan, Vilalba**  
Local | 100 m<sup>2</sup> | 5.000 €  
Se vende bajocubierta en edificio sito en Travesía de San Juan en Vilalba, existiendo posibilidad de dividirlo en varios trasteros sin mucha dificultad.

**Calle de Galicia, Vilalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 95 m<sup>2</sup> | 122.000 €  
Tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. Dispone de ascensor, calefacción de gas ciudad, un trastero y una plaza de garaje en el bajo del mismo edificio. Está situado entre el centro y la zona escolar.

**C/ Serra de Ancas, Avda. de A Coruña - Parada, Lugo**  
Piso | 4 Dorm | 3 Baños | 240 m<sup>2</sup> | 229.000 €  
En las proximidades de la muralla y muy cerca del edificio de la Xunta se vende dúplex de 240 m<sup>2</sup>. En la planta baja se encuentra un gran salón, cocina con comedor, escaleras y un cuarto de baño. En la planta superior hay cuatro dormitorios, dos baños, un hall, pasillo y una terraza amplia. Se vende totalmente amueblado. Incluye una plaza de garaje. Existe la opción de separar las dos plantas como pisos independientes y que tienen referencia catastral distinta y puertas de acceso propias.

**Calle de Galicia, Vilalba**  
Local | 112 m<sup>2</sup> | 50.000 €  
Local de unos 110 metros cuadrados, a pie de calle. Está situado entre el centro y la zona escolar.

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**  
**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles**  
**Comunidades - Penal**  
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)  
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)  
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720  
[www.rocabogados.info](http://www.rocabogados.info)  
[www.inmobiliariajroca.es](http://www.inmobiliariajroca.es)

## Abre o prazo para participar na 52 edición do Certame Literario de Vilalba

O Concello anunciou a convocatoria do 51 Premio de Poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba coa publicación das bases.

O galardón está dotado con 7.000 euros e a publicación íntegra da obra gañadora, xunto a unha flor natural e un diploma, e o prazo de inscricións remata o 21 de maio.

Poderán participar neste concurso todos os autores e autoras que o desexen, sempre que presenten as obras en lingua galega. Os poemas serán orixinais e inéditos, non premiados noutros concursos en datas anteriores ao fallo do xurado.

O Concello de Vilalba defende o impulso á produción cultural como unha das súas prioridades, apostando ademais pola creación poética en lingua galega, un obxectivo que queda reflectido neste concurso que chega a súa 52 edición.

## Convocado un novo concurso de microrrelatos

O Concello de Vilalba presentou a VIII Edición do Certame de Microrrelatos de Vilalba no que poden concursar todas as persoas que o desexen.

Os relatos deberán estar escritos en lingua galega, ser orixinais e inéditos. O tema é libre e deberá conter, polo menos unha vez, a palabra 'libro' no corpo do microrrelato. Establécense tres categorías: Infantil (ata 11 anos); Xuvenil (de 12 a 17 anos), e Adultos/as (a partir dos 18 anos).

Haberá premios para os tres mellores microrrelatos nas tres categorías e o prazo para a presentación de traballos rematará o 31 de maio.

# “A música e o teatro son o buque insignia das actividades que se fan durante o ano”

**Óscar Puente é o novo presidente da asociación veciñal de Árbol trala renovación da directiva, que se fixo en outubro de 2025 despois de once anos sen cambios. O obxectivo é manter as actividades que hai**

### Como se produciu o cambio de asociación?

A anterior directiva foi a fundadora da entidade en 2014. Levaban tempo pedindo unha remuda, pero ninguén se animaba. Na última asemblea ordinaria, en outubro de 2025, expuxeron a súa intención de deixar a súa actividade neste ano. Por iso, falando entre os actuais membros da directiva, que xa eramos socios, decidimos presentar unha candidatura para manter viva a Asociación.

### Quen forma parte da directiva actual e cantos socios a forman?

A directiva está composta por catro persoas: Óscar Puente, presidente; Tamara Calaza, secretaria; Patricia Díaz, tesoureira; e Marisol Morado, vogal. Ademais de contar con persoas moi próximas que nos botan unha man. Co proceso de cambio de directiva polo medio, a renovación das cotas produciuse máis tarde que en anteriores ocasións. Con todo, xa alcanzamos os 150 socios.

### Que obxectivos ou proxectos ten esta nova directiva?

O obxectivo principal é manter as actividades que hai. A anterior directiva fixo un traballo brutal co que se conseguiu que en Árbol se formase un grupo de música (Cerna de Árbol), un grupo de teatro (Borguete Teatro) e unha comparsa de entroido (que este ano chámase FunkoFest). A maiores promoveron decenas de cursos e obradoiros. Este curso había varios en marcha e a intención é seguir con eles. A Escola do Santo, que é o centro que usamos



coma local social, ten actividade case todos os días da semana. O outro dos propósitos é conseguir o seu arranxo. A anterior directiva xa conseguiu a promesa do actual responsable nesta materia do Concello de Vilalba. Agora agardamos que se cumpra.

### Algunhas novidades respecto ao programa doutros anos?

Pouco a pouco irase coñecendo algunha. Por primeira vez apuntámonos ao programa 'Coñece a túa provincia' da Deputación de Lugo. A Asociación foi admitida nas listaxes provisionais e agardamos xuntar xente para gozar dunha viaxe pola provincia.

### Hai algunha outra iniciativa que lles gustaría facer ou poñer en marcha?

Sempre hai ideas en mente. Somos xente nova, implicada noutras tarefas e queremos facer o posible por promover actividades na parroquia e a súa contorna. En breve darase a coñecer unha, que a máis de un, lle

ha facer a boca auga.

### Cando naceu a asociación e que percorrido tivo nestes anos?

A entidade naceu en 2014 nunha parroquia moi necesitada de actividades, movemento e unión. Pouco a pouco, consolidáronse celebracións como o magosto, a visita de Papá Noel, os campionatos de tute ou os Pre Fin de Anos nos

**“Bótase de menos que máis xente se implique aínda que os que o fan están ao cento por cento”**

últimos tempos. A maiores, a partir das clases de música formouse a Cerna de Árbol. Posteriormente coa escola de teatro, apareceu Borguete Teatro. Foi evolucionando sempre, con veciños moi impli-

cados nas diferentes tarefas.

### Experimentou un crecemento nos últimos tempos?

Ultimamente mantívose o feito, que xa non é pouco. Bótase de menos que máis xente se implique. Os que o fan están o 100 %, pero gustaríanos que máis persoas apreciaran o esforzo e ao mesmo tempo a necesidade de dispoñer dunha asociación cultural.

### Cales son as actividades máis habituais?

Música e teatro son os buques insignia ao longo do ano. Ademais, as clases de zumba xa levan uns anos. Despois aparecen obradoiros, coma o de costura que se está impartindo neste curso. A ximnasia para maiores ou o taller de memoria tamén xa están consolidados.

### Contan cun grupo de teatro e tamén cun grupo que se disfrazan todos os anos. Fálenos un pouco da evolución que tiveron

Borguete Teatro apareceu en 2019. A pandemia da Covid truncou un pouco a súa progresión, pero o grupo mantívose e leva uns anos participando no círculo de teatro afeccionado organizado pola Deputación de Lugo. Xa van dúas obras representadas. A comarsa de entroido tamén foi outra das primeiras actividades da asociación. Ao longo dos anos foron pasando diferentes persoas e a evolución en canto a ideas e realización foi total. Xa levan uns anos acumulando primeiros premios e podios nos entroidos da comarca e arredores. Sempre concursan con ideas propias e moi traballadas.

**RESTAURANTE PARRILLADA**

**O'Adro**

**COMIDA PARA LEVAR**  
**COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...**  
**Ven a probar os nosos cocidos**

O Adro, Lanzós 27816  
VILALBA - LUGO  
982 52 58 65 - 626 23 71 56

**TA TECNOAGRI**  
Maquinaria Agrícola y Forestal S.L.

**DeLaval**

**Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea**  
**Teléfono: 982 330 465**

## Arranca un programa cultural centrado nas actividades do 8M

O Concello das Pontes presenta a programación cultural do mes de marzo de 2026 cunha axenda ampla e diversa que inclúe cine, teatro, música, danza, actividades escolares e propostas de animación á lectura, cunha especial atención ás actividades vinculadas á conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

A programación desenvolverase nos principais espazos culturais do municipio, como a Casa Dopeso, o Auditorio Municipal Cine Alovi e a Biblioteca Municipal de As Pontes, consolidando a aposta municipal por unha cultura accesible, plural e de calidade.

Despois do inicio centrado no propio día 8, o mércores 11 de marzo ás 12.00 horas, o Auditorio Municipal Cine Alovi acollerá a función escolar A cincenta que non quería comer perdices, da compañía Sarabela Teatro, unha revisión contemporánea e feminista do conto clásico que promove a igualdade e cuestiona os estereotipos de xénero, sendo unha das actividades centrais da programación do 8M dirixida ao público escolar.

O xoves 12 ás 18.00 horas, na Biblioteca Municipal, celebrarase unha nova sesión de Xoves na Biblio con Oli El Saltamontes Aventurero, de Genma Pardo (Gemola), un espectáculo de narración oral participativo e cheo de humor.

Dentro tamén das accións vinculadas ao Día Internacional da Muller, o venres 13 de marzo ás 12.00 horas a Casa Dopeso acollerá a actividade escolar Inventoras con mentes curiosas, da compañía A Xanela do Maxín, unha proposta didáctica que visibili-



za o papel das mulleres na ciencia e na innovación ao longo da historia, fomentando referentes femininos entre a infancia e a mocidade.

No ámbito musical, o sábado 14 ás 20.00 horas o Auditorio Municipal Cine Alovi acollerá o concerto Músicas do mundo da Banda Cultural e Recreativa, un percorrido por diferentes estilos e tradicións musicais internacionais.

A fin de semana do 14 e 15 de marzo, a Casa Dopeso proxectará ás 17.00 horas o filme familiar Little Amélie, mentres que ás 19.00 e 22.00 horas (sábado) e ás 19.30 horas (domingo) poderá verse As liñas discontinuas.

O mércores 18 ás 19.00 horas, o Conservatorio de Música será escenario de La sinfonía de los juguetes, interpretado pola Camerata Ponferradina, unha proposta didáctica que achega a música clásica ao público familiar e o xoves 19 ás 18.00 horas será a quenda de A historia de Rata o Pirrata, de Carlos Godoy, dentro do mesmo ciclo de animación á lectura.

A fin de semana do 21 e 22 de marzo, ás 17.00 horas, será a quenda de Hoppers, incluíndo unha Sesión

Neurodiversa adaptada para garantir unha experiencia inclusiva. Nas mesmas datas, ás 19.00 e 22.00 horas (sábado) e ás 19.30 horas (domingo), proxectarase El agente secreto.

O venres 27 de marzo ás 20.30 horas, coincidindo coa celebración do Día Mundial do Teatro, o Auditorio Municipal Cine Alovi acollerá Aventurados, da compañía Puravisión, un espectáculo dinámico que combina humor e mensaxe social mentres que o sábado 28 ás 20.00 horas arrincará unha nova edición da Mostra de Teatro Amador coa representación de Unha obra para un pobo, da asociación cultural A.C. O Bicho da Barra, poñendo en valor o teatro afeccionado e a participación veciñal.

A programación da última fin de semana do mes complétase na Casa Dopeso coa proxección, o sábado 28 e domingo 29 ás 17.00 horas, do filme familiar Tafari y sus amigos, mentres que ás 19.00 e 22.00 horas (sábado) e ás 19.30 horas (domingo) será a quenda de El mago del Kremlin.

## Difunden o folleto do Plan de Emerxencia da Presa da Ribeira

O Concello puxo á disposición da veciñanza o folleto informativo do Plan de Emerxencia da Presa da Ribeira, un documento de carácter preventivo que recolle información esencial sobre como actuar ante unha hipotética situación de risco por inundación derivada dunha posible rotura da infraestrutura.

Este material ten como finalidade ofrecer á poboación indicacións claras e precisas para garantir a seguridade colectiva no caso de que se produza unha alerta. No folleto detállase o sistema de aviso á veciñanza, que se realizaría mediante sinal acústica de sirenas, así como as zonas potencialmente afectadas e os puntos de

encontro establecidos.

Ademais, inclúense instrucións específicas sobre que facer e que non facer nunha situación de emerxencia, co obxectivo de facilitar unha resposta rápida, organizada e eficaz. Desde o Concello subliñan a importancia de que a cidadanía coñeza previamente estas pautas de actuación para poder reaccionar con tranquilidade e responsabilidade se algunha vez fose necesario. A administración local recomenda descargar o documento, lelo en familia e conservalo nun lugar accesible, destacando que a información e a prevención constitúen ferramentas fundamentais para reforzar a seguridade da comunidade.

### TALENTO EXTERIOR



O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, participou nun encontro coa asociación empresarial Seara e puxo en valor o modelo da Xunta de captación de talento exterior, de maneira ordenada e planificada e aliñado coas necesidades das empresas. Referiuse ao novo escenario derivado da regulación extraordinaria de persoas inmigrantes en situación irregular anunciada polo Goberno central.

**EXCLUSIVIDAD**  
para la **SALUD**  
de tu **SONRISA**

**Especialistas centrados en:**

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13  
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo  
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

**¡Ortodoncia todos los días!**  
Lunes, miércoles y jueves:  
12:00 a 20:00 h  
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

## Propietarios das Fragas levarán as denuncias á Xunta ata o Parlamento

A Asociación Parque Natural Fragas do Eume: Natureza e Desenvolvemento anunciou a súa decisión de elevar ao Parlamento Europeo as queixas que mantén contra a Xunta de Galicia pola xestión deste espazo protexido. O colectivo presentou unha petición formal ante a Comisión de Peticións da Eurocámara ao considerar que o Goberno galego incumpre de maneira reiterada a normativa comunitaria relacionada coa Rede Natura e cos dereitos das persoas propietarias de terreos incluídos no parque.

Nunha comparecencia pública, a presidenta da asociación, Ángeles Pita Balsa, expuxo a situación de “desamparo” que, segundo indicou, sofren os propietarios privados desde hai case tres décadas, período no que se viron sometidos a fortes limitacións no uso das súas

fincas sen recibir compensación. A representante do colectivo subliñou que a intención da iniciativa é que as institucións europeas coñezan directamente a realidade das Fragas do Eume. Ao seu xuízo, a Xunta non garante nin a participación nin a audiencia dos afectados, nin cumpre coa obriga de indemnizar polas restricións impostas sobre os terreos do espazo protexido. A asociación lembra que, malia o prestixio internacional do parque natural, unha parte moi significativa da súa superficie é de titularidade privada. En concreto, arredor de 3.800 hectáreas nas que os propietarios terían perdido de feito o dereito a aproveitar recursos como a madeira, a leña ou os froitos, actividades que, segundo defenden, contribuíron durante xeracións á conservación do bosque.

## A Xunta avaliará o valor cultural do parque dos Carbóns das Pontes

A Xunta de Galicia estudará o valor cultural industrial do Parque de Carbóns, unha infraestrutura de almacenamento vencellada á central termoeléctrica das Pontes de García Rodríguez que conta cunha superficie de arredor de 96.000 m<sup>2</sup>. Así se recolle na notificación enviada hoxe pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ao concello das Pontes de García Rodríguez e á empresa propietaria e que dá resposta ás peticións e ao alto interese trasladado ao Goberno galego tanto pola veciñanza como por parte da administración local.

Tal e como informou a Dirección xeral de Patrimonio Cultural, para levar a cabo este informe técnico é preciso que as obras de desmantelamento sexan paralizadas polo tempo estritamente necesario que permita realizar un estudo pormenorizado para determinar se concorren ou non circunstancias acreditativas dun significativo valor cultural industrial no citado ben. Inicialmente, prevese que o tempo inicial sexa de 15 días



que poderán ampliarse ata o máximo de dous meses previsto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia. Isto permitirá que os técnicos poidan avaliar a importancia desta infraestrutura e determinar se reúne a singularidade e o carácter cultural sobranceiro para contar coa máxima protección como ben representativo do patrimonio industrial de Galicia. Cómpre lembrar que este réxime xa se aplica á cheminea da central despois de que, en marzo do pasado ano, se volvesen iniciar os trámites

para a súa declaración como Ben de Interese Cultural cun contorno de protección dunha distancia de 45 metros do perímetro da súa base, necesaria para as tarefas de conservación e mantemento. Neste caso concreto, a incoación ten en conta que a cheminea “deixou de ser simplemente un elemento industrial para converterse nun símbolo da identidade local, ao representar unha era de crecemento, desenvolvemento e transformación, tanto a nivel local como social”.

## Impulsan a separación de biorresiduos con dúas accións consecutivas

O Concello das Pontes continúa a reforzar a campaña de impulso á recollida da fracción orgánica con dúas accións consecutivas que se desenvolverán a partir do 15 de marzo, co obxectivo de facilitar información directa á veciñanza e promover unha correcta separación dos biorresiduos.

A primeira das accións terá lugar o domingo 15 de marzo, coa instalación dun punto informativo na Feira das Pontes, a partir das 10:30 horas. Neste espazo, a cidadanía poderá resolver dúbidas, recibir asesoramento personalizado e coñecer de primeira man o funcionamento do contedor marrón e do sistema de compostaxe comunitaria.

Ao día seguinte, luns 16 de marzo, iniciarase un dispositivo informativo porta a porta. Un equipo percorrerá o municipio para facer entrega dos kits do residuo orgánico nos fogares e ofrecer explicacións prácticas sobre como separar correctamente a materia orgánica no ámbito doméstico. Esta acción permitirá achegar o servizo á veciñanza, facilitar o material necesario e reducir a presenza de impropios no contedor marrón. Con estas iniciativas, o Concello das Pontes avanza cara a un modelo de xestión de residuos máis sostible e de proximidade, baseado no aproveitamento da materia orgánica e na implicación activa da poboación.

## Convocado de novo o Club de Saúde da AECC

Abriuse o prazo de inscrición para unha nova edición do Club de Saúde, unha iniciativa impulsada pola Asociación Española Contra o Cancro dirixida a persoas con cancro e ás súas familias. Trátase dun espazo gratuito de apoio e acompañamento que ten como obxectivo promover o benestar físico, emocional e social das persoas participantes, cunha atención especial ao ámbito rural e á creación de redes de apoio na contorna máis próxima. O programa dará comezo o martes 7 de abril e desenvolverase no Centro de Saúde das Pontes, con sesións semanais en horario de 17:00 a 18:30 horas, prolongándose ata o mes de novembro.

Ao longo dos encontros, coordinados por profesionais especializados e co apoio do voluntariado da asociación, abordaranse cuestións como a actividade física adaptada, a alimentación saudable, o autocoidado emocional, a xestión dos medos, a información sociolaboral e distintas actividades sociais e de lecer, co fin de mellorar a calidade de vida das persoas participantes. A participación no Club de Saúde é totalmente gratuita, aínda que as prazas son limitadas para garantir unha atención de calidade. As persoas interesadas poden formalizar a súa inscrición no Centro de Saúde, o voluntariado da AECC ou no teléfono gratuito 900 100 036.

## Volve o campamento de Semana Santa

Está aberto o prazo de inscrición ata o 18 de marzo para participar nos Campamentos Urbanos de Semana Santa 2026, unha iniciativa destinada a ofrecer actividades lúdico-educativas ás crianzas do municipio durante o período non lectivo da Semana Santa, favorecendo a conciliación da vida familiar e laboral.

A programación desenvolverase os días 30 e 31 de marzo e 1 e 6 de abril de 2026, en horario de 9:00 a 14:00 horas. As actividades incluírán propostas educativas, deportivas e de lecer adaptadas a cada idade. Os obradoiros están dirixidos ás crianzas nadas entre 2014 e 2022, podendo participar tamén menores con discapacidade igual ou superior ao 33% que superen o límite de idade, ata un máximo de 14 anos ou no ano no que o/a menor cumpra esa idade.

**POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA**

**CARACOL +**

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

# Retómase a obra na avenida de Galicia logo do parón polas choivas

As obras da cuarta fase do proxecto de renovación de pavimentos e servizos na Avenida de Galicia reanudáronse esta semana tras a paralización durante os últimos meses motivada polas condicións climatolóxicas adversas, especialmente polas intensas choivas rexistradas desde decembro de 2025.

O proxecto, financiado integramente pola Deputación da Coruña a través do POS (Plan de Obras e Servizos) cun orzamento de 277.173 euros, permitirá completar a transformación integral da principal vía do municipio, consolidando a rehabilitación, humanización e mellora da accesibilidade iniciadas nas fases anteriores, incluída a renovación da Praza do Hospital.

Durante os traballos levados a cabo, elimináronse desniveis entre a calzada e as beirarrúas, mellorouse a iluminación pública coa instalación de novos farois e captafaros LED nos pasos de peóns, separouse a rede de drenaxe de augas pluviais da rede de saneamento, renovouse o firme e as beirarrúas con materiais estéticos e funcionais, e substituíronse as varandas por outras de aceiro inoxidable. Na zona de rodadura e aparcamentos aplicárase formigón bituminoso, e nestes días executarase a impresión do aglomerado con acabado decorativo. A intervención completárase coa finalización de parte da balastrada, a instalación de papeleiras, bancos, xardineiras, alcorques para árbores e a reposición da sinalización vertical e horizontal.

**EN LICITACIÓN.** Por outra banda, o Concello sacou a licitación as obras de mellora da pavimentación e renovación dos servizos na Rúa do Sol, cun orzamento de 224.449 euros financiado pola Deputación da Coruña.



A Rúa do Sol, situada na Cal de Ave-laíña, presenta na actualidade diversas deficiencias derivadas do paso do tempo, como o deterioro dos pavimentos, problemas nas rasantes, un sistema de alumado pouco eficiente e unha rede de saneamento mixta xa obsoleta.

A actuación inclúe a creación dunha plataforma única, situando calzada e beirarrúas á mesma cota e diferenciando os espazos mediante distintos pavimentos. Esta solución mellora a integración do espazo urbano e favorece unha mobilidade máis cómoda e segura.

O proxecto incorpora medidas específicas para garantir a accesibilidade universal, como a ampliación dos itinerarios peonís, a eliminación de barreiras arquitectónicas, a reserva de prazas para persoas con mobilidade reducida e a instalación de sinalización táctil para facilitar a orientación das persoas con discapacidade visual.

Tamén se aprobou o expediente de licitación da segunda fase das obras de mellora de servizos e pavimentos na rúa Pardo Bazán, cun investimento de 225.647 euros procedentes da Deputación da Coruña. A execución

da obra inclúe unha reordenación completa do tráfico, establecendo un sentido único de circulación para resolver os puntos conflictivos provocados polo estreitamento da vía e optimizando o estacionamento en paralelo.

Ademais, o Concello vén de adxudar á empresa CANARGA, S.L. as obras correspondentes ao proxecto de mellora de firme e seguridade viaria no Paraño, cun investimento de 109.346,76 euros.

A intervención céntrase na renovación integral do firme do camiño, que presenta un importante desgaste, así como na adecuación da súa rasante para evitar problemas nos accesos ás vivendas.

Tamén sacaron a licitación as obras de mellora da pavimentación e dos servizos na Rúa Pontedeume, unha actuación incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos (POS+ 2023) da Deputación da Coruña, cun investimento total de 211.599,55 euros.

Crearase unha plataforma única, sen desniveis entre beirarrúas e calzada, que favorecerá a mobilidade peonil e mellorará a integración do espazo público.



## O Programa Integrado de Emprego arranca de novo

O Concello das Pontes, xunto cos concellos das Somozas e A Capela, pon en marcha durante o mes de febreiro as primeiras accións formativas do Programa Integrado de Emprego de Galicia, unha iniciativa subvencionada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, co apoio do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) e coa cofinanciación dos concellos participantes, orientada á mellora da empregabilidade e á inserción laboral das persoas desempregadas da comarca.

Con motivo do inicio destas accións formativas, Ana Pena, concelleira de Industria do Concello das Pontes, e Martina Aneiros, delegada territorial da Xunta de Galicia en Ferrol, e o director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na provincia da Coruña, Juan José Couce, visitaron ao alumnado que comezou a súa formación hoxe, interesándose polo desenvolvemento do programa e destacando a importancia deste tipo de iniciativas para facilitar o acceso ao mercado laboral.

Esta nova edición do programa, que se desenvolve ao longo de doce meses, inicia agora o seu calendario formativo cun total de tres cursos deseñados para reforzar

competencias clave demandadas polo mercado laboral actual.

Durante o mes de febreiro impartirase o curso de Iniciación en competencias dixitais básicas (FCOI06), cunha duración de 26 horas, que se desenvolverá do 9 ao 13 de febreiro e conta con 15 prazas. Así mesmo, os días 19 e 20 de febreiro levarase a cabo o curso de Manipulador de alimentos (FCOM01), cunha duración de 10 horas e dirixido a un total de 25 persoas participantes. Pechará a programación formativa do mes o curso de Competencias dixitais básicas para o emprego (FCOI07), tamén cunha duración de 26 horas, que terá lugar do 23 ao 28 de febreiro, cun grupo de 15 alumnos e alumnas.

O Programa Integrado de Emprego, cun obxectivo de inserción laboral do 42%, está dirixido a 100 persoas desempregadas, tanto homes como mulleres, pertencentes a colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, entre os que se atopan persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, maiores de 52 anos, mozos e mozas menores de 30 anos, mulleres desempregadas, persoas migrantes ou beneficiarias de prestacións e axudas sociais, entre outros perfís prioritarios.



**CORBAR**  
MAQUINARIA

INNOVACION,  
COMPROMISO  
Y GARANTIA

**EXTENDEDOR DE SILO  
MODELO  
VIMIANZO  
CON BOMBOS  
GALVANIZADOS**



**ENCAMADORA DE CUBÍCULOS  
DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³**



**MAQUINAS Y  
RECAMBIOS  
LEMKEN**



**CUIDAMOS EL  
BIENESTAR  
ANIMAL**



**ENCHILLADOR DE CUBÍCULOS  
DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³**



**¡CONSÚLTANOS SIN  
COMPROMISO!**



**TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS,  
FORESTALES, BIOMASA...**



**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS  
AUTONIVELANTES  
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR.  
TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**



[www.corbarsil.com](http://www.corbarsil.com)

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

## Mar Caldas estará en San Paio de Narla coa mostra ‘Facedoras de Lugo’

Mar Caldas inaugurou o 5 de marzo a exposición *Facedoras de Lugo*, un proxecto fotográfico que poderá visitarse ata o 18 de maio tanto no Museo Provincial de Lugo como no Museo Fortaleza San Paio de Narla, en Friol. A iniciativa intégrase na programación da Rede Museística de Lugo e dá continuidade a unha liña de investigación artística que a autora desenvolve desde 2014 arredor do traballo feminino. Este proxecto inscíbese nun percorrido creativo que en 2025 formou parte da exposición individual do CGAC baixo o título *Mar Caldas. Mulleres, Traballo e Memoria*, centrada na análise e visibilización da contribución histórica das mulleres ás comunidades das que forman parte, unha achega que, segundo a artista, continúa a carecer do recoñecemento social que merece. Realizado entre o verán de 2025 e o inverno de 2026, ‘Facedoras de Lugo’ prolonga as anteriores series ‘Facedoras de Bueu’ (2017-2018) e ‘Facedoras de Baixo-Miño’ (2018-2020), desenvolvidas na provincia de Pontevedra. Nesta ocasión, a creadora explora as comunidades rurais lucenses, poñendo o acento nas tarefas que as mulleres desempeñan en relación directa cos animais. A maior parte das protagonistas

retratadas son gandeiras que traballan con vacas de leite e de carne, ovellas, cabras, burros, cabalos, porcos ou cans, aínda que tamén se inclúen veterinarias e apicultoras. O proxecto reuniu 18 fotografías tomadas en concellos como A Pontenova, Guitiriz, Friol, Guntín, Castrovirre, Outeiro de Rei, Castro de Rei, O Páramo, Taboada, Monterroso, Becerreá e Ribeira de Piquín. As imaxes recollen explotacións de distinto tamaño, moitas delas orientadas á produción ecolóxica e ao traballo con razas autóctonas como a cabra galega, as vacas limiá, vianesa, caldelá e rubia galega, a ovella galega, o porco celta, o podengo galego ou o cabalo de pura raza galega, algunhas mesmo en perigo de extinción. Da totalidade das imaxes, dez foron seleccionadas para a exposición na Rede Museística. Ampliadas a grande formato, con dimensións que van desde 1,10 por 2 metros ata 1,10 por 1,62 metros, configuran unha mostra representativa da diversidade de traballos documentados, desde gandaría porcina, cabalares, ovinas, bovinas ou caprinas ata queixerías, así como das distintas modalidades produtivas e das variadas paisaxes nas que se desenvolven, desde cumios montañosos ata prados e bosques.

## Friol ten unha nova cita o 22 coa Feira do Queixo e o Pan de Ousá

O domingo 22 de marzo, Friol converterase un ano máis na capital galega do Queixo e do Pan de Ousá como Festa de Interese Turístico de Galicia. A celebración chega á súa trinta e dúas edición e novamente volverá contar coa participación de preto de 90 queixeiras que expoñerán unhas 14.000 pezas de queixos e tamén haberá 5 panaderías de Ousá presentando os seus produtos e cunha previsión de máis de 4.000 pezas de pan expostas. O Queixo de Friol e o Pan de Ousá son dous produtos totalmente artesáns. Ambos están elaborados coas mellores materias primas do municipio, e contan cun elemento fundamental para conseguir a calidade pola que se caracterizan, que é “o cariño que as nosas queixeiras e os nosos panadeiros e panadeiras amosan no momento da súa elaboración”, dixo Santos. O eixo principal da Feira volverá situarse nunha grande carpa situada na praza Andón Cebreiro para a



exposición dos produtos. Arredor da carpa instalaranse outros postos de venda dos diferentes produtos agroalimentarios do municipio. E na praza Rosalía de Castro estarán expostos produtos de diferentes sectores, como por exemplo artesanía, textil, distintos tipos de viños, sidras ou licores. As rúas Deputación e Santa Isabel permanecerán pechadas ao tráfico, dado que estarán destinadas á montaxe de polbeiras e de tendas ambu-

lantes. O programa da Feira darase a coñecer na semana do 9 ao 15 de marzo, ao igual que o cartel do evento. Aínda que non se coñece o contido do mesmo si adiantaron desde a organización que seguirá a liña de anos anteriores e haberá algunha sorpresa como todos os anos. Abrirá as súas portas a primeira hora da mañá e poderá visitarse durante toda a mañá, aínda que a festa non decaerá pola tarde. Non faltará a música.

## O Goberno local remata a obra de mellora do núcleo de Miraz

Friol vén de concluír os traballos de acondicionamento e posta en valor do núcleo rural de Miraz, unha intervención que supuxo un investimento de arredor de 150.000 euros e que foi executada pola empresa pública Tragsa, coa financiación íntegra da Xunta. A actuación permitiu renovar de maneira substancial a imaxe e funcionalidade deste núcleo, resolvendo os problemas derivados do desgaste acumulado nos accesos e mellorando a integración dos espazos comúns. Co remate das obras, os veciños dispoñen agora de vías máis cómodas e seguras, adaptadas ás necesidades do día a día e pensadas para favorecer a convivencia. Os traballos centráronse na retirada do pavimento deteriorado, respectando as cotas existentes para garantir a correcta adaptación ás vivendas. Nas zonas que carecían de firme axeitado procedeuse á adecuación da base e ao posterior formigonado.



Como acabado final, instalouse pavimento de formigón desactivado (árido visto), que combina resistencia e integración estética coa contorna rural. Ademais, colocáronse dous bancos sobre base de granito e acondicionouse unha pequena área verde que contribúe a humanizar o espazo. O alcalde, José Ángel Santos, subliñou que “a mellora progresiva dos nosos núcleos é unha prioridade para este equipo de goberno. Cada intervención supón avanzar cara a

un municipio máis coidado, accesible e preparado para o futuro”. Así mesmo, agradeceu a implicación da Xunta por facer posible, a través do seu apoio económico, a execución. Con esta actuación xa finalizada, o Concello continúa a súa folla de ruta orientada á conservación e revitalización das parroquias, consolidando un modelo de desenvolvemento que aposta polo equilibrio entre modernización, respecto pola contorna e benestar veciñal.

### ÁRBORE SENLLEIRA



Os nenos e nenas do CPI Dr. López Suárez de Friol participaron nunha saída didáctica para coñecer de preto o Carballo de Cerracín, situado na parroquia friolesa de Vilalbite. Este exemplar está considerado un dos dous carballos máis antigos e de maior porte de España e figura entre os dez máis destacados de Europa polas súas dimensións e antigüidade.



**gato con botas**

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Baio  
27800 Vilalba (Lugo)  
Telf. 982516550

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**

Transformaciones agrarias  
Desbroces y plantaciones de montes  
Servicio de podas



San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

**SEOANE**



## O CPI xa ten listo o seu equipo para a I Liga Escolar de Debate

O CPI Dr. López Suárez de Friol formará parte da I Liga Escolar de Debate impulsada pola Consellería de Educación, unha iniciativa pioneira na que competirán quince centros de toda Galicia. Entre eles, este é o único Centro Público Integrado (CPI) seleccionado, xa que o resto dos participantes pertencen á categoría de institutos de educación secundaria (IES).

A primeira fase da competición desenvolverase na última semana do mes de marzo, nunha sede aínda por determinar, onde o equipo do centro se enfrontará a outros dous institutos. A participación nesta liga supón un paso adiante na aposta pola oratoria, o pensamento crítico e o diálogo como ferramentas fundamentais na formación do alumnado.

O equipo de Friol está integrado por estudantes de 3º da ESO: Susana López, Emma Martínez, Daniela Díaz, Hugo Castro, Manuel Pérez e Anxo Moreno. A coordinación corre a cargo do profesor de francés Roi Rey, mentres que a xefa de estudos de Secundaria, Purificación Criado, exercerá labores de titorización e apoio pedagóxico. Ademais, o grupo contará co asesoramento de Estela



Villarabide, exalumna do centro que no ano 2019 representou a España no Foro Mundial da Xuventude, achegando así experiencia e coñecemento ao proxecto.

Desde o centro destacan que a creación deste equipo de debate responde á vontade de fomentar a capacidade de argumentación, o respecto polas distintas posturas e a habilidade para expresarse con solvencia en público. Trátase dunha iniciativa que promove o traballo cooperativo e a resolución dialogada de conflitos, competencias clave tanto no ámbito

académico como na vida persoal e profesional do alumnado.

A estrea nesta liga supón un novo reto para o centro, que afronta esta experiencia con entusiasmo e coa convicción de que o verdadeiro éxito reside no proceso de aprendizaxe e no compromiso demostrado polo alumnado participante.

Arredor de 60 alumnos de 15 institutos públicos participan nesta nova Liga escolar de debate, que estrea este curso a súa primeira edición cunha representación de concellos de toda a Comunidade.

## Friol remata as terceiras Xornadas de Cine Rural, que teñen tres sesións

O Concello de Friol celebra unha nova edición das súas III Xornadas de Cine Rural, unha proposta cultural que foi presentada polo profesor da Universidade de Santiago de Compostela Suso Rodríguez Rodríguez e pola concelleira Ángeles Buján.

A iniciativa, que conta coa colaboración do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC, volveuse converter durante os meses de febreiro e marzo os sábados pola tarde nun espazo para o cinema e a reflexión arredor do medio rural.

As sesións desenvólense no salón de actos do Centro Sociocultural de Friol os días 28 de febreiro ás 17:00 horas e 7 e 14 de marzo ás 17:30 horas. O programa inclúe tres propostas diferenciadas que combinan proxeccións audiovisuais e intervencións das persoas protagonistas.

A terceira e última xornada, o 14 de marzo, centrarase en *O papel das abellas no noso rural*. A actividade incluírá unha presentación audiovisual e unha charla explicativa impartida por Erea Moreno Pena, Antía Fernández Pena, Vera Abel Corral, Iria Barcia e o propio Suso Rodríguez.



Durante esta sesión abordaranse as contribucións das abellas ao medio rural e exhibiranse distintos documentais sobre este insecto, nun encontro de carácter divulgativo dirixido a todo o público interesado en coñecer cuestións básicas sobre a súa relevancia ecolóxica e produtiva. José Ángel Santos destacou a relevancia de dar continuidade por terceiro ano consecutivo a esta iniciativa co obxectivo de seguir dinamizando o rural a través de actividades abertas á veciñanza, que permiten gozar de tardes diferentes, culturais e de intercambio e convivencia entre os habitantes do municipio.

# Inviste en Friol



**Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol**

# A Xunta financiará a obra da ETAP para garantir o abastecemento

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, mantivo un encontro co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, para avaliar o proxecto dirixido a mellorar a calidade da auga do servizo municipal de abastecemento.

No marco da redacción do plan de mellora da estación de tratamento de auga potable (ETAP), Augas de Galicia está a preparar unha separata co obxectivo de acelerar as actuacións imprescindibles para asegurar un consumo de auga en condicións óptimas para a veciñanza. Segundo trasladou a conselleira ao rexedor, o investimento estimado para executar esta intervención ascende a 1,2 millóns de euros. A Xunta asumiría o 80% do custo total, mentres que o 20% restante sería achegado pola

administración local.

O alcalde expuxo durante a reunión que esta actuación resulta fundamental para poñer fin ás incidencias que impiden que parte da poboación, así como establecementos hostaleiros e empresas do municipio, poidan empregar a auga procedente da traída municipal con normalidade.

No transcurso do encontro, a titular de Medio Ambiente reiterou que, aínda que as competencias en saneamento e depuración corresponden aos concellos, o Goberno galego mantén o seu compromiso de ofrecer apoio tanto técnico como económico ás entidades locais para garantir un servizo eficiente e de calidade. Neste contexto, lembrou que os orzamentos deste ano de Augas de

Galicia acadan os 151,7 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,5% respecto a 2025. Do total, 108,7 millóns —sete de cada dez euros— destinaranse a actuacións relacionadas co abastecemento e o saneamento, mentres que 73,6 millóns se reservarán especificamente para investimentos orientados á mellora ou construción de infraestruturas hidráulicas.

Pola súa banda, o BNG denuncia a “falta de rigor, as contradicións e as continuas mudanzas de versión” do goberno municipal do PP arredor das actuacións anunciadas para solucionar os “graves problemas” da traída municipal de auga, unha situación que leva anos afectando á veciñanza, á hostalaría e ao tecido empresarial do concello.



A portavoz municipal do BNG, Olga García, critica que “o alcalde Francisco Balado leve máis dun ano anunciando solucións que nunca chegan mentres a realidade é que hai veciños e negocios que continúan sen poder facer uso da auga municipal con normalidade”.

Desde o BNG lembran que xa en marzo de 2025 o goberno municipal anunciou un proxecto para mellorar

o abastecemento, “asegurando que sería a solución definitiva aos problemas existentes. Porén, apenas un ano despois, en febreiro de 2026, o propio alcalde volvía realizar un novo anuncio tras unha reunión coa conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, presentando outro proxecto diferente e falando agora dun investimento millonario para resolver a mesma situación”.

## Organizan unha xornada formativa de apoio aos coidadores

O Concello acollerá o 9 de abril a actividade formativa *Coidando á persoa coidadora*, unha sesión dirixida a familiares e persoas que prestan atención continuada a dependentes co obxectivo de mellorar o seu benestar físico e emocional. A xornada desenvolverase entre as 16.30 e as 20.00 horas no Centro cívico do Matoso.

A iniciativa céntrase na importancia do autocoidado de quen coida e abordará o proceso de axuda, a preparación previa para asumir tarefas asistenciais, así como as consecuencias que os coidados poden ter na saúde da persoa coidadora.

A formación estará impartida por Marichel Costas Manzanares, enfermeira da EOXI de A Coruña vinculada á Escola Galega de Saúde para Cidádans, quen conta con experiencia en educación sanitaria e apoio a familias coidadoras.

## Xantar na Casa amplía o número de beneficiarios

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, destacou a importancia de seguir consolidando unha rede de recursos locais que chegue a todos os recunchos da xeografía galega, en especial aos concellos rurais e con menor poboación. Fíxoo tras firmar co alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro, a ampliación do convenio de adhesión do concello ao programa Xantar na Casa da Xunta.

Con este acordo o concello duplica o número de prazas dispoñibles ao abeiro desta iniciativa, pasando das seis actuais ás doce. A través do Xantar na Casa, garátese unha alimentación saudable, equilibrada e adaptada a necesidades dos maiores que viven sos, das persoas con dependencia ou que están en

risco de exclusión social.

Perfecto Rodríguez explicou que son os servizos sociais municipais os encargados de seleccionar ás persoas beneficiarias do programa, que reciben nos seus fogares e nunha única entrega o menú para os sete días da semana, festivos incluídos. Polo tanto, os usuarios so teñen que quentar os alimentos antes de consumilos. Ademais, facilítaselles neveira e microondas no caso de que non dispoñan deles.

O prezo de cada menú é de 7,32 euros, dos que a Xunta financia 3,46 euros, que supoñen o 50% do total, e o resto é asumido a partes iguais polo concello e o usuario: 1,95 euros cada un.

Xantar na Casa chega a máis de 2.500 persoas e a máis de 200 concellos de Galicia, repartíndose cada semana máis de 17.500 menús.



## A Deputación financiará unha grada no campo de Castro Ribeiras de Lea

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo financiará a instalación dunha grada no campo de fútbol sintético do municipal de Castro Ribeiras de Lea.

Efrén Castro mantivo nas últimas semanas un encontro coa directiva do club, no que se expuxo a necesidade desta estrutura para crear un espazo de abrigo a carón deste campo, onde adestran e xogan as categorías de base do club vermello.

O vicepresidente reuniuse esta mañá co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, para concretar a fórmula de colaboración para financiar o proxecto, que se canalizará a través dun convenio entre as dúas administracións.

O responsable provincial explicou que “unhas instalacións adapta-

das ás necesidades dos usuarios e usuarias facilitan a práctica do deporte, sobre todo nas categorías de base, que son as que utilizan fundamental este campo” e, neste sentido, valorou “o traballo de formación deportiva que ven desenvolvendo o club nos últimos anos”.

O CD Castro, fundado en 1980, afianzou nos últimos cinco anos a súas categorías de base, con equipos en todas as categorías de formación, desde prebenxamín ata xuvenil, como canteira e relevo para o equipo sénior, que compite esta temporada en Primeira Futgal.

O club suma preto de 200 licenzas de xogadoras e xogadores, do concello e da comarca, ademais de persoal técnico e auxiliar.



# AXUDAS/2026 LEADER

PRAZO DE SOLICITUDES ABERTO  
ATA O DÍA 6 DE ABRIL DE 2026

MÁIS INFORMACIÓN: GDR TERRA CHÁ  
[www.terrachanaturalmente.org](http://www.terrachanaturalmente.org)

Rúa Carmiña Prieto Rouco s/n, 27800 Vilalba  
[info@gdrterracha.gal](mailto:info@gdrterracha.gal)  
982 512 369 / 982 523 013



A xornada de carga de gando no mercado de Gontán sumou arredor dos 70 animais

As instalacións do mercado de Gontán acolleron unha xornada de carga de gando que se desenvolveu con normalidade e cun balance positivo en termos de organización e coordinación. Coincidindo coa habitual saída de becerros con destino a Viana, que nesta ocasión sumou arredor de 70 animais, fíxose tamén a carga de poldros con destino a Navarra. Nesta primeira xornada cargouse unha cifra semellante de poldros, preto de 70 exemplares, nunha operativa fluída e sen incidencias, o que confirma o bo funcionamento do novo servizo posto en marcha polo Concello de Abadín para facilitar o traballo dos gandeiros da zona. Tal e como avanzara o Concello, esta iniciativa desenvolveuse na nave de madeira do mercado de Gontán e tiña como obxectivo permitir a carga de poldros de maneira organizada e segura, mellorando as condicións de manexo e transporte dos animais. O servizo conta coa colaboración da Asociación ACGEMA, encargada da coordinación cos gandeiros interesados.

O Concello renovará o ximnasio municipal e habilitará un novo salón de actos

O Concello levará a cabo unha reforma integral do ximnasio municipal, unha actuación que incluírá tamén a creación dun novo salón de actos no mesmo edificio co obxectivo de ampliar e mellorar os servizos dispoñibles para a veciñanza. O proxecto permitirá dotar ao municipio dun espazo máis versátil, destinado tanto á práctica deportiva como á realización de actividades culturais e escolares. A intervención prevé a reorganización do inmobile en dúas zonas diferenciadas. Aproximadamente tres cuartas partes do espazo destinaranse á creación dun salón de actos completamente novo, que contará con butacas e sistema de son, pensado para acoller actos culturais, educativos e outras actividades colectivas. O resto do edificio reservárase para o ximnasio, que será reformado na súa totalidade e no que se procederá á renovación completa das máquinas e do equipamento deportivo. A actuación contará cun orzamento de 51.144,63 euros, financiados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Agader. Está previsto que as



obras se inicien de maneira inmediata e teñan unha duración aproximada dun mes. Ademais das melloras funcionais, o proxecto inclúe a adecuación do espazo con nova carpintería, revestimentos e illamentos, co fin de mellorar o confort e a eficiencia das instalacións. O acceso ao ximnasio continuará a ser gratuíto, aínda que se implantará un sistema de control mediante código de entrada para garantir unha mellor organización e uso do servi-

zo. Desde o Concello destacan que esta actuación responde ás demandas das persoas usuarias e supón un paso importante para ampliar a oferta de infraestruturas deportivas e culturais en Abadín.

**NOVAS OBRAS.** O Concello de Abadín anunciou a próxima contratación de dúas actuacións de relevancia destinadas á mellora das infraestruturas viarias e dos espazos públicos do municipio, cun investimento

conxunto que supera os 320.000 euros. A primeira das intervencións consistirá na pavimentación e mellora da drenaxe de camiños nas parroquias da Graña e Moncelos. Esta actuación, que conta cun orzamento base de licitación de 118.020,77 euros, permitirá optimizar os accesos, mellorar o sistema de evacuación de augas pluviais e reforzar a seguridade e comodidade da veciñanza destas zonas. A segunda obra prevista céntrase na renovación de beirarrúas en Gontán e na pavimentación de accesos en distintas parroquias do municipio, entre elas Candía, Castromaior, Fanoi, Goas e Barondelle. O orzamento base de licitación ascende a 202.506,24 euros e inclúe a mellora da mobilidade e da seguridade viaria, tanto nos núcleos urbanos como nos accesos a espazos públicos. Ambas actuacións atópanse actualmente pendentes de contratación e forman parte da estratexia municipal para continuar reforzando os servizos e as infraestruturas locais, co obxectivo de ofrecer mellores condicións de vida á veciñanza.

CENTRO DE DÍA



Abadín conmemorou o 17º aniversario da apertura do centro de día cunha gran festa que reuniu veciñanza e participantes nunha xornada moi especial, marcada pola emoción, os reencontros e a boa música.

Celebrada con éxito a XX Feira Expogrelo



A XX edición da Feira Expogrelo de Abadín foi todo un éxito ao reunir centos de persoas que se achegaron á localidade para degustar e reivindicar un dos produtos máis representativos da súa tradición culinaria. A cita, asentada no calendario gastronómico da provincia de Lugo, cumpre vinte anos convertida nun escaparate anual de referencia para a promoción da gastronomía e do produto de proximidade na comarca. Durante o encontro, no que o grelo foi o gran protagonista como sím-

bolo da cociña galega, as e os representantes socialistas puxeron o foco na relevancia destas iniciativas para impulsar a actividade económica nos concellos, respaldar ás produtoras e produtores locais e fortalecer a identidade do rural lucense. Tamén se achegaron as conselleiras do Medio Rural, María José Gómez; e de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez; que destacaron que esta produción goza dunha Indicación Xeográfica Propia, que conta cunha superficie sementada de case 70 hectáreas e 194 produtores.

EN BREVE

**RUTA.** O club Cabaleiros de Abadín celebrará o sábado 28 de marzo a cuarta edición da súa Ruta Cabalar, que dará comezo ás 10.00 horas con saída do Campo da feira de Gontán e chegada ao mesmo lugar arredor das 14.30 horas. Como colofón, celebrarase un xantar no campo da feira a un prezo de 28 euros e haberá unha sesión vermú con Dj Peabody. Lembra a organización que a ruta non terá carácter competitivo e cada participante deberá responsabilizarse do seu cabalo. As persoas que desexen participar poden anotarse nos teléfonos 657 184 532 e 674 486 628. A data límite para anotarse é o 24 de marzo.

**STOP BIOGÁS.** A primeira convocatoria da plataforma Stopbiogás Abadín reuniu a preto dun cento de persoas nesta localidade chairega para deixar claro que “o proxecto industrial previsto para o municipio non contempla unha única instalación, senón dúas macroplantas de biometano”. A charla informativa que se ofreceu contou co asesoramento técnico de Xoán Castro, do CIAM, e Andrés Castro, do SLG Terra Chá. O dato causou sorpresa entre asistentes procedentes de varias parroquias e de concellos da contorna.

**TAHONA CURRÁS**

**SAN ROQUE 3. TEL. 982510062**

**NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383**

# Comezan as obras da rede de auga no depósito de Coruxeiras

O Concello de Pastoriza vén de iniciar a obra de mellora da rede municipal de abastecemento de auga no depósito de Coruxeiras, así como a actuación destinada á dixitalización de infraestruturas na parroquia de Samartiño de Corbelle. O investimento total desta actuación ascende a preto de 44.000 euros e ten como obxectivo optimizar o funcionamento do sistema de subministración de auga, mellorando a súa eficiencia e control.

Os traballos contan cun prazo de execución de cinco meses e permitirán modernizar as instalacións existentes, garantindo unha xestión máis eficaz dos recursos hídricos e unha mellor prestación do servizo á veciñanza. Esta actuación forma



parte das medidas impulsadas polo Concello para a actualización das infraestruturas básicas do municipio.

A obra está financiada pola Xunta de Galicia, no marco do seu apoio aos

concellos para a mellora dos servizos públicos e a modernización das redes de abastecemento, contribuíndo así a unha xestión máis sostible e eficiente da auga.



## Proxectan a reforma do circuío e unha cafetería

O Concello de Pastoriza ten en marcha un proxecto para renovar por completo o circuío de *kárting* municipal, unha das instalacións máis representativas do municipio, cun investimento que supera os 782.000 euros.

O estudo de viabilidade xa está rematado e o Concello atópase agora na fase de redacción dos pregos. O proxecto conta tamén coa colaboración do monte veciñal, que cedeu o uso dunha parcela de 14.000 metros cadrados necesaria para acometer as modificacións previstas. Entre os cambios máis destacados figura a reordenación dos espazos interiores, coa construción dun novo *paddock* paralelo á recta principal, dotado duns 25 *boxes*, e a creación doutro *paddock* exterior contiguo, onde se situará o edificio da cafetería.

A dirección de carreira trasladarase á recta de meta, xunto ao *paddock* principal, mentres que o espazo que ocupa actualmente pasará a destinarse a un minicircuío. Ademais, está prevista a habilitación dunha zona específica para a práctica de trial con vehículos todoterreo. A propia pista será obxecto

dunha reforma integral, con modificacións no trazado en varios puntos para reforzar a seguridade nun circuío que supera o quilómetro de lonxitude. A previsión municipal é que as obras estean concluídas antes de que remate o ano.

Para levar a cabo as obras, o Concello optou ás axudas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, logrando unha subvención de 391.155,96 euros, que cobre aproximadamente a metade do orzamento total.

Para completar o financiamento, o goberno local prevé recorrer a un suplemento de crédito para asumir unha parte do importe restante, unha operación que deberá ser aprobada en pleno e que precisará o respaldo da oposición. O resto da achega económica corresponderá á empresa que resulte adxudicatária da xestión da pista, tal e como se recolle nos pregos do novo concurso, que contempla unha concesión por doce anos. De maneira paralela, tamén sairá a licitación a explotación da cafetería que se proxecta construír no recinto, cun investimento estimado de 80.000 euros a cargo do concesionario.

### AXENDA DE ACTIVIDADES

**COCIÑA.** A Asociación de Mulleres Rurais de Pastoriza abriu o prazo de inscrición para un novo Obradoiro de Cociña. O curso, impartido polo chef Alberto Saavedra, desenvólvese o venres 20 de marzo ás 21.15 horas no local da Pastoriza (antiga Ladrilleira). As persoas interesadas poden inscribirse ata o 13 de marzo, contactando con Sandra (659 032 194), Fe (638 253 138) ou Sonia (630 321 655). O prezo da actividade é de 15 euros, cun desconto especial para persoas socias, que aboarán 10 euros.

**CEA-BAILE.** A parroquia de Bretoña acollerá o venres 14 de marzo unha cea-baile organizada pola Comisión

de Festas de Bretoña 2026, que terá lugar na Nave do Dios, situada fronte ao Teleclub. O evento dará comezo ás 22.00 horas e o menú incluírá empanada, callos con garanzos, tenreira guisada e torta de Santiago, e será servido polo Catering Sarredo. Tras a cea, a música e o baile estarán a cargo do dúo Os Trasnós, que animará a noite cun repertorio pensado para todos os públicos. Ao longo da velada tamén se celebrará un sorteo de agasallos e outro destinado á comisión organizadora das festas de 2027.

**TUTE.** Pastoriza será escenario o vindeiro sábado 21 de marzo do I Campionato de Tute. O evento des-

envolverase no Local Social, situado na antiga ladrilleira, e contará tamén con servizo de bar para os asistentes. Dará comezo ás 20:00 horas co sorteo das parellas participantes, mentres que o inicio do torneo está previsto para as 20:30 horas. A organización establece un máximo de 32 parellas inscritas, polo que as prazas estarán limitadas ata completar o aforo. En canto aos premios, o campionato repartirá 800 puntos para a primeira parella clasificada, 400 para a segunda, 100 para a terceira e 50 para a cuarta. Ademais, haberá repesca, na que se outorgarán 350 puntos ao primeiro posto, 150 ao segundo e 50 ao terceiro.



**CLÍNICA DENTAL TEST**  
CENTRO DE ODONTOLOGÍA  
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993

# 50 anos de Xermolos, facendo comunidade para a Terra Chá

O colectivo celebra un aniversario moi especial co obxectivo de organizar un congreso arredor da cultura do rural, sen esquecer a relevancia da música

Cincuenta anos despois da súa fundación en Guitiriz, a asociación Xermolos celebra en 2026 un aniversario que non é só unha efeméride, senón unha reafirmación do seu compromiso coa cultura, a lingua e a identidade da Terra Chá. Así o expresa o seu presidente e fundador, Alfonso Blanco, que fala deste momento cunha mestura de memoria, gratitude e ilusión de futuro.

“Cada día ten a súa mensaxe. Este é un ano especial, pero todos os anos teñen os seus obxectivos”, sinala Blanco. O 50 aniversario será, sobre todo, un tempo para lembrar ás persoas que xa non están fisicamente, mais que forman parte inseparable do tecido asociativo que foi medrando arredor de Xermolos. A programación combinará as citas habituais do calendario anual con propostas extraordinarias. Entre elas, a organización dun congreso arredor da cultura no rural, que sirva para reflexionar sobre o pasado e o presente do movemento cultural galego fóra das cidades. O aniversario arrancou coa publicación dun almanaque para 2026 e

continuará coa edición dun caderno monográfico dedicado á chegada de Xermolos á música ao longo destas cinco décadas, nunha homenaxe especial ao mestre Xesús López Ares, figura clave na traxectoria musical da entidade.

**O SEGUEDO.** Cando se lle pregunta polo segredo dunha continuidade tan longa, Alfonso Blanco non dubida: “A valoración da igualdade e da pluralidade na sociedade que estamos a construír, grazas a un voluntariado xeneroso e creativo”. Para el, o espírito de Xermolos está no voluntariado que se vai sucedendo xeración tras xeración, dende a liberdade e a creatividade de cadaquén. A iso súmase o fondo aprezo pola identidade chairega: a paisaxe, a fala, a historia e as artes que conforman o ser da Terra Chá.

Máis ca unha estrutura formal, Xermolos defínese como unha comunidade viva, onde o importante non son os números senón o compromiso. “Non queremos cifras; valoramos o esforzo e o traballo en común”, insiste o presidente.

A asociación naceu en Guitiriz, pero co paso do tempo foi estendendo a súa presenza e colaboración a outras localidades e comarcas. Un dos grandes escaparates deste espírito aberto é o Festival de Pardiñas, onde a música galega dialoga coas músicas doutros pobos.

Segundo Blanco, o respecto polas diferenzas marcou a historia de Xermolos. Ao longo dos anos, foron convocados a encontros e eventos en distintas comarcas galegas, compartindo a súa experiencia e aprendendo doutras asociacións, tanto de Galicia como de fóra. “Estes encontros arrequecen a nosa andaina e fan pobo”, resume.

**O SIGNIFICADO DUN NOME.** O propio nome da entidade encerra toda unha declaración de intencións. Os “xermolos” son os brotes das plantas, como nas patacas, que concentran a enerxía vital sen esquecer a raíz e a terra que os alimenta.

Para Alfonso Blanco, esa metáfora é clara: “Os Xermolos son a xente moza que está a dar pulo á veciñanza e á comunidade”. Así



conciben o labor asociativo: como un brotar constante, enraizado na tradición pero proxectado cara ao futuro.

Ao longo do ano, Xermolos impulsa ou colabora nun amplo abano de actividades: a celebración do Entroido, a Cabalgata de Reis, a Festa da Fala en maio, certames dirixidos á infancia e á mocidade, ou a Festa da Dignidade no Pedregal de Irímia, en colaboración coa Irmandade Manuel María.

Tamén forman parte do seu calendario a lembranza de Manuel María en Outeiro de Rei cada 8 de setembro ou o Paseo dos Soños en Vilalba, iniciativas que mesturan memoria, reivindicación e partici-

pación cidadá.

De cara aos vindeiros anos, o obxectivo é claro: escoitar máis á veciñanza e fortalecer o traballo en rede con outros colectivos. Xermolos quere seguir reivindicando a música como canle de comunicación durante todo o ano, dar a coñecer o patrimonio chairego e ofrecer espazos para que as crianzas e a mocidade expresen as súas emocións e talentos.

Cincuenta anos despois, Xermolos continúa a brotar. Non como unha institución ancorada na nostalgia, senón como un movemento que entende a cultura como ferramenta de cohesión social, identidade compartida e esperanza colectiva.

## Organizan a finais do mes de marzo unha viaxe á fronteira con Portugal

A Asociación de Xubilados de Guitiriz promove unha excursión de tres días á fronteira entre Galicia e Portugal os vindeiros 25, 26 e 27 de marzo, cun programa que inclúe visitas culturais, actividades de lecer e estancia en réxime de pensión completa por 199 euros.

A viaxe realizarase en autocar e contemplará dúas noites no hotel El Mo-

lino da Guarda. Durante a primeira xornada, o grupo visitará Vila Praia de Âncora e ascenderá ao miradoiro do Monte Calvario, con regreso posterior ao hotel para cea e baile.

No segundo día, a expedición desprazase ata Viana do Castelo para coñecer a cidade e o templo de Santa Lucía, ademais de gozar dun xantar nunha quinta portuguesa

cun menú tradicional. A xornada completase cunha tarde de baile e animación musical, merenda típica e cea no hotel con queimada.

O último día incluírá almorzo e xantar no establecemento hoteleiro e unha visita ás murallas de Valença, onde os participantes poderán pasear e realizar compras antes do regreso a Guitiriz.



## Abre unha mostra sobre a historia das orquestras

Inaugurouse na localidade a exposición de rúa *Botamos un baile? Un século de orquestras de verbena en Galicia*. A mostra, que se poderá visitar no Campo da Feira ata o vindeiro 25 de marzo, fai un repaso pola evolución destas formacións musicais desde principios do século XX ata a actualidade.

Guitiriz convértese así na cuarta vila galega en acoller esta exposición tras o seu paso por Pontearreas, Baiona e Ribadavia. A iniciativa enmárcase dentro do programa de itinerancias

da Cidade da Cultura, que ten como finalidade levar a outras localidades contidos culturais xestados no Gaiás. A proposta nace dunha mostra orixinal que xa acolleu a Biblioteca de Galicia durante o ano 2023.

O proxecto expositivo está baseado nun estudo da Universidade de Santiago de Compostela titulado *Do palco ao escenario*. Este estudo estivo coordinado por Xaime Fandiño e conta con Zósimo López e Henrique Neira como comisarios da exposición.

**ATABERNA**

T: 982 510 061  
facebook/ataberna.vilalba  
info@atabernavilalba.com  
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS

OLVIDATE DE TODO Y SABOREA

REVUELTOS

HAMBURGUESAS

PASTAS

ALCO

COMPARTIR

TAPAS

NUESTRA CARTA

ALCO

PICAR

SABOREAR

TORTILLAS

RAXO

PATATAS

NUESTROS DELICIOSOS

## Abre o novo ximnasio cun período de proba gratuíto para a veciñanza

O Concello de Guitiriz ampliou a súa oferta deportiva coa apertura do novo ximnasio municipal. As instalacións abriron as súas portas o pasado mércores 4 de marzo, e están situadas na nave do SENPA, xusto ao carón das actuais pistas de pádel, consolidando esta área como un gran complexo deportivo.

Para fomentar que os veciños e veciñas coñezan e proben estas novas instalacións, o Concello estableceu que o uso do ximnasio será totalmente gratuíto durante os dous primeiros meses. Unha vez transcorrido este período de proba, e tras a aprobación do regulamento correspondente, establecerase o prezo público definitivo.

O sistema de acceso será dixital e moi intuitivo. Para poder facer uso da maquinaria, os usuarios deberán reservar a súa praza previamente



a través da aplicación móbil Reservaplay, a mesma plataforma que xa se está a empregar con éxito para a xestión das reservas das pistas de pádel. Ademais, ao mesmo tempo habilitarase na aplicación a opción de reservar para xogar a tenis de mesa na propia nave do SENPA.

O novo espazo está deseñado para cubrir as necesidades tanto de

principiantes como de deportistas máis experimentados, e divídese en varias áreas de traballo con maquinaria de calidade: equipamento de cardio (cintas de correr, bicicletas e máquina de remo); de musculación (máquinas de placas, poleas, prensa e estacións multifunción); de peso libre (gaiola para sentadillas, bancos e mancuernas).

## Arrancou a XII edición do concurso de tapas

O 9 de marzo arrancou a duodécima edición do concurso de tapas Que bo estás Guitiriz. O certame, organizado un ano máis pola Asociación de Hostalería de Guitiriz Debates, estenderase durante 7 días ata o domingo 15 de marzo.

Nesta edición participarán un total de sete locais repartidos pola vila. Os establecementos e as súas propostas gastronómicas son os seguintes: Restaurante O Korreo (Coral sobre Nácar), Café Pub SOA (Kino Dulzón), Casa Nistal (Morocha do Mar), A Capela (Freixón Tropero), Balneario de Guitiriz (Tataki de Suprema), Hostal La Casilla ("Operación Bikini"), e O Galo Checo (#Queninpintada).

O horario oficial para poder degustar as tapas será tódolos días de 20:00 a 23:00 horas. Cada unha

das tapas terá un prezo de 3 euros, mentres que o custo será de 4,50 euros se se desexa acompañar co viño oficial do concurso.

A clientela atopará nos propios locais as cartillas de participación. Tras consumir e aboar a tapa, o establecemento deberá selar a súa casilla correspondente. Para que os votos emitidos sexan válidos e para poder optar aos premios económicos, as persoas participantes necesitarán ter selado o total dos sete establecementos.

O sistema de votación irá do 1 (nota mínima) ao 10 (nota máxima). Á hora de puntuar, deberase valorar especialmente o servizo, a presentación e o sabor da tapa.

Entre todos os participantes sortearanse tres premios: un primeiro de 500 euros, un segundo de 200 euros e un terceiro de 50 euros.

## O PP denuncia á alcaldesa por falsidade documental

Os concelleiros do PP presentaron unha denuncia contra a alcaldesa, Marisol Morandeira, por presunta falsidade documental na xestión do Concello e demais responsabilidades legais nas que puidese incurrir pola xestión de fondos municipais.

Así o confirmou o voceiro do PP en Guitiriz, José Manuel López Rodríguez, no transcurso dunha rolda de prensa na que estivo acompañado por concelleiros do Grupo Municipal, así como dos deputados provinciais Antonio Ameijide, Demetrio Salgueiro, José Ángel Santos, Armando Castosa e José Pardo, así como do secretario xeral do PP da provincia de Lugo, Javier Vázquez Nodal.

José Manuel López explicou que a denuncia vén motivada por unha viaxe realizada por Marisol Morandeira a Agueda (Portugal), unha viaxe organizada por unha asociación privada de Guitiriz "á que a rexedora asistiu a título persoal, unha viaxe de ocio". Esta viaxe tivo lugar do 9 ao 11 de decembro de 2025 e tiña un custo de 250€ en pensión completa e habitación dobre, cun sobrecusto de 60€ no caso de solicitar habitación individual. O custo máximo era de 310€, pero a alcaldesa decidiu que "esta viaxe de ocio tiñan que pagarlla todos os veciños de Guitiriz" xa que o mesmo día 9 de decembro solicitou no Concello o pago da indemnización en concepto de manutención. "Vemos que xa cobrou máis do que custaba a viaxe, polo que como non

estaba contenta con que todos os guitiricenses lle pagasen unha viaxe de ocio, tamén decidiu que lle pagasen os regalos para a familia", criticou.

A motivación da denuncia por presunta falsidade documental vén dada polo que sucedeu o día 10 de decembro, con Marisol Morandeira en Portugal. "Asinou unha acta de xunta de goberno, confirmando que asistiu e a presidiu, algo que era imposible, e, ademais, cobrou as dietas de asistencia".

**RESPUESTA MUNICIPAL.** Desde o Concello aseguran que todas as accións e procedementos administrativos que se levan a cabo desde o Concello "están, como non podía ser doutro xeito, dentro da máis absoluta legalidade".

Consideran que, neste caso, o Partido Popular "está a entrar nun xogo sucio que nada ten que ver co obxectivo claro da política local: traballar para mellorar a vida dos veciños e veciñas. Esta actitude aseméllase máis á forma de actuar deste partido a outros niveis, baseada en promover a crispación e o enfrontamento constante".

A alcaldesa aínda non coñece os feitos concretos dos que se lle acusa, xa que polo momento non recibiu ningunha notificación ou denuncia oficial, explica. "Cando isto sexa así, pronunciarase ao respecto para aclarar a situación", conclúe.

### GUITIRIZ EN RUTA



Foron 17 persoas as que formaron parte da primeira saída da oitava temporada do programa municipal Guitiriz en Ruta, que tivo lugar pola Senda da Memoria nas Pontes. A expedición guitiricense desfrutou dun día cun clima espectacular para percorrer os 14 quilómetros da ruta circular que discorre polos camiños e bosques que rodean o lago.

## Cea benéfica contra o cancro o sábado 28

A xunta local da Asociación Española Contra o Cancro en Guitiriz organiza o sábado 28 a súa XI Cea Benéfica, unha cita solidaria que se celebrará ás 21:00 horas no restaurante La Casilla co obxectivo de recadar fondos para apoiar a investigación e os servizos que presta a entidade.

O prezo da cea será de 25 euros para persoas adultas e de 18 euros para menores de ata 12 anos incluídos.

Ademais, habilitase a posibilidade de colaborar a través da chamada mesa cero, unha fórmula que permite achegar o importe da cea como xesto solidario sen necesidade de asistir.

**constru fer**

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 • VILALBA (LUGO)

Tel: 982 511 200

SISTALLO - COSPEITO

Tel: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:

[www.construfervilalba.com](http://www.construfervilalba.com)

Celebran este mes o V  
Campionato de Tute

O sábado 18 de abril celebrárase en Meira o V Campionato de Tute, un evento que reunirá afeccionados a este tradicional xogo de cartas. O torneo comezará ás 19:00 horas no Cabanóns do Convento nun local climatizado.

Contará cun máximo de 32 parellas participantes e os premios para os primeiros postos serán de 750, 350, 200 e 100 puntos respectivamente. Ademais, haberá unha fase de pesca con recompensas de 300, 150 e 100 puntos para os tres primeiros, mentres que o cuarto clasificado recibirá dous lotes de produtos.

A inscrición terá un custo de 100 puntos por parella e incluírá cea para os participantes. A organización do evento corre a cargo do Meira FC, e para máis información pódese contactar con David no teléfono 659 900 432.

Convocado o IX certame  
cultural Avelino Díaz

Os concellos de Meira e Riotorto veñen de convocar a novena edición do Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz, aberto a toda a poboación e co obxectivo de lembrar a figura deste representante da cultura na zona.

O concurso dividirase en catro categorías de idade, de 3 a 8 anos, de 9 a 12, de 13 a 17 e de 18 en diante. Os máis pequenos só terán categoría de debuxo e os maiores de idade a de poesía e relato curto. Para o resto só será a de poesía.

No apartado de debuxo, poderán presentarse obras en formato e temática libre, mais os poemas e o relato curto deberán estar escritos en galego, cunha extensión no segundo caso de entre 1 e 6 folios.

Poderán presentarse ata tres poemas.

O prazo de presentación é ata o 17 de maio e o lugar de recollida de traballos é a Asociación Avelino Díaz de Meira. Establécense tres gañadores en cada categoría. Para os máis pequenos os agasallos serán de diplomas, lotes de material escolar ou libros. O gañador na categoría de 9 a 12 anos recibirá un libro electrónico, o da seguinte categoría unha tableta e os adultos terán un premio económico de 500 euros para poesía e tamén para relato. O fallo do xurado darase a coñecer en xuño e a entrega do mesmo terá lugar o día 19 do mesmo mes, ás 19.00 horas, no salón de plenos do Concello de Meira.

O BNG denuncia que o  
Concello leva un ano sen  
pasar ao cobro os recibos

O BNG denuncia a grave situación “xerada pola inacción do goberno municipal” tras máis de un ano sen pasar ao cobro os recibos correspondentes ao servizo de abastecemento de auga e á recollida de lixo.

Para a organización nacionalista, esta deixadez na xestión tributaria “non só supón unha falla evidente de responsabilidade administrativa, senón que está a provocar consecuencias económicas directas para o propio Concello. A ausencia de ingresos por estas taxas obrigou ao goberno local a recorrer á Deputación de Lugo para poder facer fronte aos gastos correntes, cando estes deberían estar sufragados cos recursos propios de-

rivados da prestación dos servizos”. O BNG considera inadmisíble que, tras este exercicio completo sen emitir os recibos, o Concello non teña ofrecido ningunha explicación clara á veciñanza. “Estamos a falar de taxas obrigatorias vinculadas a servizos básicos. Non se pode xogar coa planificación económica das familias e dos negocios”, sinalan.

“A incerteza é cada vez maior, especialmente entre os establecementos comerciais e hostaleiros, que descoñecen se o goberno pretende pasar ao cobro todas as anualidades acumuladas de golpe ou se habilitará algún sistema de fraccionamento ou facilidades de pago”, din.

O PSOE pon en valor o  
remate da vía LUP-5501

O PSdeG pon en valor o remate das obras de mellora da estrada provincial LUP-5501, unha actuación impulsada pola agrupación socialista de Riotorto e executada grazas ao financiamento da Deputación de Lugo, que supón un avance significativo para a mobilidade e a seguridade viaria no municipio.

As e os socialistas explican que a intervención, que contou cun investimento de 62.241 euros da Deputación, permitiu actuar sobre varios puntos especialmente problemáticos da vía, corrixindo dúas curvas que presentaban dificultades para a circulación e executando un tramo duns 150 metros destinado a protexer unha saída da estrada.

Dende o PSdeG subliñan que se trata dunha obra “necesaria e moi de-

mandada”, froito da escoita ás necesidades da cidadanía e do traballo constante da agrupación socialista, así como do compromiso da Deputación de Lugo co rural. “Cando hai vontade política e colaboración institucional, os proxectos saen adiante e tradúcense en melloras reais para a xente”, sinalan.

O Secretario Xeral da agrupación socialista de Riotorto, José García, valorou de forma moi positiva o remate das obras e destacou que “esta actuación é un exemplo claro de como o socialismo dá respostas concretas aos problemas da cidadanía”, ao tempo que puxo en valor “a disposición permanente da Deputación de Lugo para atender as demandas dos concellos e mellorar a calidade de vida da veciñanza”.

A Feira do Ferro conta co seu  
cartel para o domingo 19 de abril

A XVII Feira da Artesanía do Ferro celebrárase en Riotorto o domingo 19 de abril, reunindo ferreiros procedentes de distintas partes de Galicia, España e Europa. Este evento, cunha fonda tradición, busca poñer en valor este oficio a través de demostracións en vivo, exposicións, música e actividades para todas as idades.

O Concello fixo público o cartel do evento e, en breves datas, dará a coñecer o programa, no que destaca como actividades especiais as demostracións en vivo da artesanía do ferro.

A Feira do Ferro que se celebra en Riotorto dende o ano 2007 no mes de abril é un gran encontro, un dos piares clave da súa economía. Xurdiu a iniciativa de catro amigos que en 2006 comezaron a pensar en como



promover a súa profesión.

Na actualidade na zona de Riotorto hai aproximadamente unha ducia de persoas facendo pezas de ferro, pero a súa situación non é sinxela. “Séguese consumindo moito ferro, séguense demandando pezas para o monte e para as plantacións, ademais de utensilios sinxelos para as casas, pero comparado con hai anos vai descendendo. En tódolos sitios unha ferramenta manual fai falla, o sector das ferramentas é necesario, pero a artesanía non pode competir cos prezos das fábricas”, din dende a asociación.

O proceso manual que fan os ferreiros é moito máis laborioso e custoso, polo que se encontran cunha problemática, “existe un círculo vicioso no campo, a xente que demanda as ferramentas tamén ten problemas para vender a súa produción, como a leite ou os produtos de horta. É



unha cadea, se eses prezos están baixos nos temos que baixalos para que poidan acceder ás ferramentas. Se non hai cartos móvese todo con dificultade. Se encontran un coitelo por dous euros cómprano, pero logo tamén ven que a calidade non é a mesma”.

Rúa Maciñeira Parcela 32, Pol. Sete Pontes  
27800 Vilalba (Lugo) - Tlf.: 982 523 238  
[www.newtonacademia.es](http://www.newtonacademia.es)

| CURSO                                                                              | INICIO     | FIN        | MODALIDAD     |
|------------------------------------------------------------------------------------|------------|------------|---------------|
| Habilitación para a docencia en graos A, B e C do sistema de formación profesional | 25/03/2026 | 06/08/2026 | TELEFORMACIÓN |
| Transporte sanitario                                                               | 15/04/2026 | 07/10/2026 | PRESENCIAL    |
| Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais              | 23/04/2026 | 14/09/2026 | TELEFORMACIÓN |
| Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais                         | 29/04/2026 | 28/09/2026 | PRESENCIAL    |
| Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes                               | 04/05/2026 | 23/09/2026 | TELEFORMACIÓN |
| Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas                         | 06/05/2026 | 27/10/2026 | PRESENCIAL    |

# Aproba por unanimidade a declaración institucional do 8M

O Concello celebrou sesión plenaria ordinaria na que todos os grupos subscribiron unha declaración institucional con motivo da celebración do 8 de Marzo, Día Internacional da Muller. Tras votar por unanimidade, malia a ausencia de dous concelleiros, un do PP e outro do BNG por motivos de saúde, a urxencia da súa incorporación á orde do día, procedeuse á lectura do texto, no que se puxo en valor o papel histórico da muller como loitadora e como coidadora no ámbito familiar, salientando o seu esforzo para conquistar maiores espazos de participación e igualdade de dereitos.

Neste manifesto, a Corporación reafirma o compromiso coa igualdade real e co impulso de políticas públicas transformadoras en todas as áreas, animando ademais á veciñanza a participar nos actos reivindicativos e na loita contra a violencia de xénero que se celebrarán en Outeiro de Rei durante o mes de marzo.

Na sesión aprobouse tamén a acta anterior, aínda que contou cos votos en contra dos dous concelleiros do BNG, que consideraron que o documento non reflectía con claridade determinados intercambios dialécticos producidos no pleno previo.

Outro dos puntos que foi aprobado, foi a moción do equipo de Goberno, na que solicitaba unha declaración do Pleno para instar ao Goberno central a retirar o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a lei autonómica de dependencia “o que paralizaría o Plan de axilización da dependencia e a discapacidade da Xunta de Galicia”.

Defendeu o alcalde, José Pardo Lombao, na súa exposición que as persoas dependentes son unha



prioridade e que o Estado debe asumir a débeda pendente e a porcentaxe de cofinanciamento comprometida. O PP lembrou que entre as medidas creadas polo Concello de apoio ás persoas dependentes, está o programa de respiro familiar, destinado precisamente para os coidadores. O grupo de goberno seguiu coa moción malia que o Tribunal Constitucional retirou a suspensión da lei.

O BNG cuestionou a urxencia da proposta e realizou críticas á xestión das políticas de dependencia, mentres que o PSOE sinalou posibles inconsistencias na norma denunciada polos socialistas de Madrid. A iniciativa foi aprobada por oito votos a favor e tres en contra.

**MOCIÓNS DA OPOSICIÓN.** No debate político, o BNG presentou unha moción na que demandaba un plan de revitalización do núcleo urbano, xustificando a proposta no peche de negocios e na perda de servizos. Segundo expuxeron, “na vila apenas permanecen o centro de saúde, a farmacia e unha entidade bancaria”, e aseguraron que non se están adop-

tando medidas para dinamizar a localidade nin para asentar poboación estable. Criticaron a inexistencia dunha política de desenvolvemento local e dun plan urbanístico actualizado, afirmando que Outeiro de Rei se está a converter “nun concello dormitorio de Lugo”.

O PSOE apoiou a moción, sinalando que comparte a preocupación pola situación do centro urbano e apostando por impulsar desde o diálogo un programa municipal de dinamización.

O PSOE presentou igualmente unha moción relativa á mellora da atención aos animais, na que reclamaba unha planificación máis ambiciosa ante as protestas veciñais pola recollida de cans e a existencia de colonias felinas sen control. A proposta incluía a realización dunha avaliación técnica do servizo, a elaboración dun protocolo de control das colonias nun prazo de seis meses, a esterilización e a solicitude de apoio á Xunta e á Deputación. O BNG apoiou a iniciativa, lembrando que xa trasladara esta preocupación con anterioridade e que existen liñas de axuda para este tipo de actuacións.

## O Concello repartiu 2.180 euros no Entroido

Numerosas persoas participaron na Festa de Entroido e no Concurso de Disfraces nunha xornada marcada pola elevada asistencia e polo gran nivel das propostas presentadas. Aínda que o tempo non acompañou, foron moitas as persoas que decidiron sumarse á celebración. A festa estivo amenizada polo dúo Eclipse.

Ao longo da xornada, os diferentes disfraces competiron polos 2.180 euros en premios distribuídos nas distintas categorías convocadas pola organización.

A alta participación, a maior rexistrada ata o momento, e a calidade das comparsas obrigaron ao xurado a conceder tres premios especiais adicionais nesta modalidade, recoñecendo así o esforzo e a creatividade das agrupacións participantes.

Na categoría de comparsas, o primeiro premio, dotado con 500 euros, foi para Funkofest; o segundo premio, de 300 euros, recaeu en

Cuerda para Rato; e o terceiro, de 200 euros, foi para Entroido na Galega. O premio especial á mellor comparsa de Outeiro de Rei, cunha dotación de 150 euros, foi para Ca Cabeza na Lúa e cos Pés na Terra. Ademais, concedéronse tres premios especiais máis: A Fábrica de Dulces, con 100 euros; Os Punkis da Miña Terra Galega, con 60 euros; e El Mundo de las Hadas, con 50 euros.

Na categoría de parellas, o primeiro premio, de 200 euros, foi para Bioshock, mentres que o segundo, de 120 euros, foi para O Ourizo do Souto Sagrado.

En modalidade individual, Batman acadou o primeiro premio, dotado con 150 euros, e La Fábrica de Chocolate levou o segundo, de 100 euros.

No apartado infantil, o primeiro premio, de 150 euros, foi para O Bosque Máxico, e o segundo, de 100 euros, para A Ratita Presumida.

## Robra acollerá un curso de fagot impartido por María Losada

A Escola de Música de Robra organizará os días 21 e 22 de marzo un curso monográfico de fagot que contará coa participación da intérprete María Losada Burgo, unha destacada fagotista que compartirá a súa experiencia formativa e profesional co alumnado participante.

A iniciativa, impulsada por Musicocrisanto, desenvolverase ao longo de dúas xornadas intensivas centra-

das no perfeccionamento técnico e interpretativo deste instrumento de vento madeira. O programa inclúe clases individuais, traballo en conxunto e sesións específicas de fabricación de canas.

O curso está dirixido a alumnado de ensinanza elemental e profesional, ofrecendo unha oportunidade para ampliar coñecementos e resolver dúbidas técnicas.

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias ■ Festivales  
Fiestas ■ Infantil  
Humor ■ Gastronomía  
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

**OCIO EN GALICIA**

www.ocioengalicia.com

Asociación de Empresarios de Muimenta renova a súa Xunta Directiva

A Asociación de Empresarios de Muimenta vén de renovar a súa Xunta Directiva, nun proceso que se materializou a finais do pasado mes de xaneiro e que abre unha nova etapa para o colectivo empresarial da localidade.

A nova directiva estará presidida por Juan José Castaño López, quen asume a responsabilidade de liderar a entidade nesta nova fase. A Vicepresidencia recaerá en Paula Alvite Luaces, mentres que a Secretaría será desempeñada por Nancy Maseda Domínguez. Carmen López Yáñez continuará no cargo de Tesoureira, garantindo así a continuidade na xestión económica da asociación. Completan o equipo directivo como vogais Dolores Darriba Lamela, Ana Iglesias Lozano e Pilar Morán Edrosa.

**FORMACIÓN.** A Asociación continúa co seu programa de actividades formativas e divulgativas coa organización dunha charla informativa centrada na Intelixencia Artificial, unha temática de plena actualidade e crecente interese tanto no ámbito empresarial como no social.

O encontro celebrarase o luns 16 de marzo, a partir das 19:00 horas, no Salón de Actos da Casa da Cultura de Muimenta. A sesión estará impartida por Carlos Figueroa, representante da firma Synertekia.

Julián Rodríguez será o xuíz do XL Concurso de Gando da Moexmu

A comisión organizadora da XLII edición da Mostra Exposición de Muimenta, Moexmu, continúa avanzando nos preparativos e ultimando o programa de actividades que se desenvolverán os días 10, 11 e 12 de abril. Un dos anuncios máis destacados é o nomeamento de Julián Rodríguez Pérez como xuíz do XL Concurso de Gando e do XXXIV Concurso Autonómico de Gando Frisón Febriga 2026.

Julián Rodríguez Pérez é natural de Lueña, no Principado de Asturias, onde naceu o 16 de xullo de 1984. Criado na parroquia do concello de Valdés, cursou estudos de Bacharelato antes de iniciar Ciencias Empresariais, formación que interrompeu para realizar o Curso de Incorporación de Mozos á Empresa Agraria e incorporarse á gandería familiar Casa Flora.

Nos seus primeiros anos compaxinou o traballo na explotación coa preparación de animais para concursos doutras granxas, así como coa cualificación de vacas de raza parda. Posteriormente decidiu dedicarse a tempo completo á gandería familiar, acadando o recoñecemento de Mestre Criador nos anos 2006 e 2019.

A súa vinculación aos concursos de raza frisona comezou moi cedo, aos sete anos, cando participou cunha tenreira no concurso de Tineo. Desde entón mantivo unha presenza



constante en certames nacionais e internacionais, nos que logrou importantes recoñecementos, entre os que destacan os títulos de Mellor Criador Nacional e Mellor Rebaño Nacional no ano 2017, así como este último galardón tamén no 2020.

No ámbito da xudicatura, Julián Rodríguez participou como xuíz aspirante na Xornada de Reciclaxe e Unificación de Criterios de Xuíces de Raza Frisona de Conafe no ano 2023, ademais de exercer como axudante de pista na XL edición da Escola de Xuíces Gandeiros celebrada en Galicia. A súa estreia como xuíz oficial de Conafe produciuse o 28 de outubro de 2023 no Concurso Exposición de Gando Vacún de Nava, en Asturias. Ao longo de 2024 xulgou os concursos de Alaíor, en Menorca, e Feirade-

za, celebrado en Lalín con carácter autonómico, mentres que en 2025 participou como xuíz no Usías Holstein de Dúas Torres, en Córdoba, e no concurso de Treceño, en Cantabria. Será esta a primeira ocasión na que exerza como xuíz no concurso de gando da Moexmu.

O programa provisional do certame de Muimenta inclúe o venres 10 de abril o V Concurso de Xóvenes Peladores; o sábado 11 de abril celebrarase un dobre concurso co XXXIV Concurso Autonómico de Gando Frisón Febriga 2026 e o XL Concurso de Gando Frisón da Moexmu; mentres que o domingo 12 de abril terá lugar o XXV Concurso de Xóvenes Manexadores e a XXX Poxa de Gando Frisón, para pechar a fin de semana coa entrega de premios aos gañado-

res e gañadoras.

Desde a organización lembran que se está a traballar de maneira coordinada co resto das entidades implicadas, como Africor Lugo, Febriga e a Consellería do Medio Rural, cumprindo en todo momento coa lexislación vixente e atendendo á situación sanitaria derivada da Dermatose Nodular Contaxiosa.

Na edición do ano pasado, celebrada en Silleda, a vaca Pozosaa Krusader 9450 Xela, da gandería Casa Pozo de Lugo, proclamouse Vaca Gran Campioa de Galicia 2025, mentres que Kergo Ozalid 6818, da explotación A Lagoa Serabel de Xermade, foi recoñecida como Gran Campioa Internacional do Open de Gando Frisón Gandagro 2025.

**INSCRICIÓN.** A feira celebrarase os días 10, 11 e 12 de abril e volverá converter Muimenta nun referente do sector gandeiro e agropecuario galego. Desde o pasado 1 de febreiro permanece aberto o prazo para a reserva de *stands* e parcelas destinadas aos expositores que desexen participar nesta nova edición. As solicitudes poden realizarse a través do enderezo electrónico [moexmu@gmail.com](mailto:moexmu@gmail.com) ou chamando ao teléfono 982 504 002, recomendándose contactar preferentemente en horario de tarde.

Tamén se abriu o período de inscrición para o VIII Monográfico de Can de Palleiro, unha actividade que se consolida no programa da feira e que terá lugar na tarde do domingo 12 de abril no Recinto Feiral Manuel Vila de Muimenta.

AXENDA DE ACTIVIDADES

**XUVENTUDE.** Muimenta acollerá o 14 de marzo a sétima edición da Festa da Xuventude. A programación arrancará ás 14.00 horas cunha sesión vermú a cargo do grupo Jaque. Pola tarde terá lugar o primeiro Concurso de DJ, cun prazo de inscrición aberto ata o 7 de marzo no teléfono 667 22 53 36, co obxectivo de dar visibilidade ao talento musical emerxente. A celebración contará cun menú especial de festa servido polo restaurante Anllo, con opción de xantar por 30 euros e cea polo mesmo prezo. As reservas poden formalizarse no teléfono 982 528 069. Xa pola noite, a música continuará coa disco móbil a cargo de Alejandro Martínez e EvenTec, xunto coa actuación de Cosmedejay, garantindo ambiente festivo ata ben entrada a madrugada.

**RISOTERAPIA.** Coincidindo coa programación de actividades arredor do 8M, Día Internacional da Muller, organízase un obradoiro de riso-



terapia dirixido especificamente a mulleres. A sesión celebrarase o venres 13 de marzo, en horario de 18.00 a 19.30 horas, na parte baixa da antiga Cámara Agraria de Feira do Monte. As prazas son limitadas e o prazo de inscrición permanecerá aberto ata o 12 de marzo. As interesadas deberán facilitar o seu nome, apelidos e teléfono de contacto a través do correo electrónico [servizosociais@concellodecospeito.es](mailto:servizosociais@concellodecospeito.es)

ou chamando ao número 982 520 001. A actividade está organizada polo Concello de Cospeito e conta co financiamento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

**VIAXE.** A localidade portuguesa de Nazaré será o destino dunha nova viaxe organizada polo colectivo de Mulleres Rurais de Cospeito, Cousas Nosas, que terá lugar do 22 ao 24 de maio, cun programa que inclúe desprazamento en autobús, estancia en hotel e diferentes visitas guiadas por algúns dos enclaves máis destacados da zona. A saída está prevista para o venres 22 ás 13:00 horas diante do concello, mentres que o regreso terá lugar o domingo 24 despois das 21:00 horas. A proposta inclúe aloxamento en habitación dobre, con suplemento de 60 euros no caso de optar por habitación individual, así como réxime de pensión completa e todos os *tours* guiados previstos no itinerario.

As Mulleres Rurais de Pol programan novos cursos para o mes de marzo

A asociación Mulleres Rurais Olvido de Pol puxo en marcha no mes de marzo unha nova programación formativa que inclúe cursos de gancho e calceta, restauración de mobles e cociña, ampliando así a súa oferta de actividades para as socias e o público en xeral.

O curso de gancho e calceta comezou o 4 de marzo e impartirase os mércores en horario de 16:00 a 19:00 horas na Biblioteca de Mosteiro. Estará a cargo de Marisa e terá un custo mensual de 25 euros para as socias e de 30 euros para as non socias.

Pola súa banda, o curso de restauración de mobles deu comezo o 5 de marzo. As sesións celebraranse os

xoves e venres, tamén de 16:00 a 19:00 horas, no local de José Luis en Mosteiro, quen será o encargado de impartilo. O prezo mensual será de 25 euros para as socias e de 30 euros para as non socias.

A programación complétase cun curso de cociña que arrancou o 3 de marzo e terá lugar os martes de 17:00 a 20:00 horas. O seu custo será de 55 euros ao mes para as socias e de 60 euros para as non socias. Para que esta actividade poida levarse a cabo será necesario contar cun mínimo de dez persoas inscritas.

Ademais, a asociación anunciou a organización dun cocido, cuxa data concreta se dará a coñecer proxima-

## Entregados os premios do concurso de Entroido

O pavillón de Baamonde acolleu o concurso de Entroido organizado polo Concello. Na categoría individual infantil, o primeiro premio foi para Mouchos que bailan, o mal espantan!, seguido de Una ardillita algo hada e O bosque máxico, mentres que o accésit recaeu en Toda unha vida xuntos. Nos premios especiais desta categoría foron recoñecidos Máis cartón que glamour e Patacas novas.

Na individual de adultos, o xurado escolleu a O ourizo do souto galego, sendo segundo a Renacer entre ás... ao dente!! e terceiro a A tortuga entre botellas. O accésit foi para A dona dos monicreques. Os premios especiais recaeron en Pedro e Wilma (Picapiedra) e Fantasma de la Ópera. En mascaradas, Alice acadou o primeiro premio, seguido de Carrusel e Os peliqueiriños de Vilalba. Os premios especiais foron para Monstruíños e O soño de Tiana, mentres que os accésits para en A Tartaruga e a lebre e Os Pitiños.

En comparsas, o primeiro premio foi para Xaque á intolerancia na Chaira, seguido de Os edro de jarana na sabana, Funko Fest, Expediente Terra Chá e Fábrica de doces. Os accésits recoñeceron a Entroidos galegos, As zumbadas dos Alpes, Os tesouros do mar, Supermario Family e Autos Pirin. Ademais, os premios especiais do Concello foron para Granxa Pío e Mandilón Fashion en Begonte.

## Begonte nomea dous novos fillos adoptivos nun emotivo acto

A Casa da Cultura de Begonte acolleu un acto cargado de emoción e memoria no que o municipio distinguiu, a título póstumo, ao exalcalde e ATS José Antonio Vázquez e ao párroco Xesús Domínguez Guizán como fillos destacados da localidade. A veciñanza, familiares e representantes institucionais arrouparon unha cerimonia que puxo en valor dúas traxectorias marcadas polo compromiso coa comunidade.

Durante o acto salientouse que, malia desenvolveren responsabilidades distintas, ambos compartiron unha mesma raíz: o amor profundo por Begonte e unha vocación de servizo que deixou pegada na vida social e cultural do concello. José Antonio Vázquez, que foi rexedor entre 2007 e 2011, foi lembrado como un profesional da sanidade próximo e humano, ademais dun alcalde que asumiu responsabilidades en áreas como Urbanismo, Patrimonio e Medio Ambiente con dedicación e honestidade.

Pola súa banda, Xesús Domínguez Guizán, coñecido polo seu labor pastoral e polo impulso do belén electrónico de Begonte, foi recoñecido pola súa entrega á dinamización cultural e relixiosa da comarca. O seu traballo contribuíu a consolidar esta iniciativa como un dos símbolos máis recoñecibles da identidade local e da tradición do Nadal en Galicia.



No transcurso do acto interviron persoas achegadas aos homenaxeados, que evocaron anécdotas e momentos compartidos, destacando o seu carácter xeneroso e a súa capacidade para unir á comunidade. Subliñouse que este recoñecemento supón un acto de xustiza histórica e unha maneira de manter viva a memoria de quen dedicaron boa parte da súa vida ao ben común.

O acto concluíu cun longo aplauso do público asistente, que encheu o auditorio e quixo así expresar o seu agradecemento e respecto por dúas figuras que, dende ámbitos distintos, contribuíron de maneira decisiva ao desenvolvemento social e cultural de Begonte.

**SESIÓN DE CINE.** O Centro de Día, situado en Baamonde, celebrará o xoves 12 unha sesión de cine aberta á participación da veciñanza, nunha iniciativa que busca reforzar os vínculos entre as persoas usuarias do centro e a comunidade.

A proxección terá lugar ás 12:00 horas nas propias instalacións do centro e incluírá o visionado do filme *El barrendero*, protagonizado por Cantinflas, unha comedia clásica do cinema mexicano que destaca polo seu ton humorístico e carácter popular.

A asistencia será gratuíta e aberta a todas as persoas interesadas, aínda que será preciso realizar inscrición previa.

## Visita da ITV móbil agrícola desde o 17

A unidade móbil da ITV estará no Concello de Begonte entre os días 17 e 26 de marzo para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. O horario de atención será de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas agás o día 26 que será só de mañá. Estará situada no polígono industrial de Begonte.

Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 981 928 080 ou a través da páxina web [www.sycitv.com](http://www.sycitv.com).

## O día 11 haberá recollida de residuos

Este mes de marzo o Concello de Begonte procederá á recollida de enseres domésticos, concretamente o día 11.

Así os veciños que o desexen poderán depositar utensilios e mobiliario xeral do fogar como electrodomésticos, xoguetes ou aparellos musicais por exemplo ata un máximo de tres enseres por vivenda.

Dende o Concello informan que non se recollerán outros enseres que non estean incluídos nos catalogados como domésticos nin aqueles que non sexan declarados na solicitude.

A recollida realizarase de forma domiciliaria, iniciándose ás 6.00 horas da mañá e os enseres deberán estar depositados en lugares accesibles para a súa carga con camión pluma.

## A Ruta Trotamontes regresará o 4 de abril

Os club Trotamontes de Pol dará continuidade á súa cita anual coa celebración da XVII ruta o sábado 4 de abril arrancando desde Mosteiro, unha cita que reúne todos os anos arredor de 150 participantes. A ruta, que adoita ter uns 90 quilómetros, discurrirá por camiños e pistas forestais deste Concello e doutros dos arredores, utilizando vías asfaltadas tan só para facer cruces ou como enlace entre tramos.

O prazo de inscrición abriu o domingo, 1 e marzo, ás 19.00 horas, e estas poden facerse a través de Facebook ou no email [trotamontespol1@gmail.com](mailto:trotamontespol1@gmail.com).

O programa arrancará ás 7.30 horas coa recollida de dorsais para celebrar ás 9.00 a saída. Pararase



ás 11.00 para un café e para xantar ás 14.00. A hora de remate da ruta é ás 19.00 e convocouse a cea para as 20.30.

A partir das 23.00 horas está prevista unha actuación da discoteca móbil de Hermo.

## Lecer de Gamelle celebra o seu cuarto aniversario cun cocido

A asociación Lecer de Gamelle de Pol está de aniversario e celébralo como mellor sabe: compartindo un bo cocido en boa compañía. O evento terá lugar o domingo 15 de marzo ás 14.00 horas, unha cita na que socios e amigos poderán festexar tres anos de encontros, risas e momentos inesquecibles, unindo xeracións e fortalecendo lazos.

O aforo é limitado, polo que é imprescindible confirmar asistencia antes do domingo 8 de marzo. Para os socios, o prezo será a escote, segundo o custo da compra, mentres que os non socios deberán aboar 10 euros máis do que paguen os socios.

Desde Lecer de Gamelle destacan que esta non é só unha asociación, senón unha familia, e como tal, as grandes ocasións celébranse xuntas.

## O Centro de Día organiza o 12 unha sesión de cine aberta á comunidade

O Centro de Día de Begonte, situado en Baamonde, celebrará o xoves 12 de marzo unha sesión de cine aberta á participación da veciñanza, nunha iniciativa que busca reforzar os vínculos entre as persoas usuarias do centro e a comunidade.

A proxección terá lugar ás 12:00 horas nas propias instalacións do centro e incluírá o visionado do filme *El barrendero*, protagonizado por Cantinflas, unha comedia clásica do cinema mexicano que destaca polo seu ton humorístico e carácter popular.

A actividade desenvolverase xunto ás persoas usuarias do centro, co obxectivo de fomentar a integración social e promover espazos de encontro interxeracional, favorecendo así unha maior interacción entre o centro e o seu contorno.

A asistencia será gratuíta e aberta a



todas as persoas interesadas, aínda que será preciso realizar inscrición previa a través dos teléfonos 982 39 80 04 ou 687 05 61 94, segundo información a organización.

# XERMADE: Roberto García Pernas

## “Rodeeime dun gran equipo que me axuda día a día a que todo sexa máis fácil”



O mandatario xermadés logrou o sillón presidencial ao terceiro intento e goberna como líder socialista desde 2015 e en solitario desde 2019. A única oposición que ten agora é a do PP

**Explíquenos un pouco como se iniciou na política.**  
Inicieime no ano 2007, aínda que a inqueda por participar na vida política xa me viña de atrás, porque sendo neto dun republicano e fillo dun socialista, a miña forma de crer na igualdade entre os veciños e de mellorar a calidade de vida da xente, viña marcada dende facía tempo. En varias ocasións, xa me pediran dende o partido que fose cabeza de lista e aínda que nesas ocasións declinara, nesa ocasión animeime. Tras presentarme dúas veces, sacando catro concelleiros en cada convocatoria, colaborei activamente con todo o que puiden cos veciños dende a oposición, e á terceira foi a vencida. Non acadamos

maioría absoluta pero si fomos a candidatura máis votada, o que nos permitiu gobernar. Nas dúas lexislaturas seguintes, os veciños confiaron en nós e apoiáronnos masivamente, outorgándonos maioría absoluta.

**Como deu o salto ou recibiu o impulso para ser alcalde?**  
Despois de tantos anos dedicado á vida pública na Administración, a política intrigábame e sentíame con experiencia para traballar polos veciños. Iso, xunto ás insistencias que recibía para ser candidato polo PSdeG en Xermade e ó feito de que a esquerda nunca gobernara no concello, fixo que aceptara o reto para corrixir inxustizas e mellorar o benestar dos veciños. Outro elemento clave foi a miña forma de crer e participar no asociacionismo local. Rodeeime dun gran equipo que me axuda cada día a que todo sexa máis fácil.

**A nivel persoal, que sacrificios supón ser alcalde?**  
Cando é vocacional, a dedicación non supón sacrificio. No meu caso teño o meu número de teléfono na porta do Concello e está dispoñible 24 horas para solventar calquera inqueda, necesidade ou emerxencia dos veciños. O mesmo lle ocorre ao equipo de goberno. Como beneficios, a satisfacción polas obras realizadas, que contribúen a mellorar a calidade de vida dos veciños e a gratitude da xente, que sabe que non lles fallamos e traballamos para todos.

**Como equilibra a vida pública e a privada?**  
Cando es alcalde, case non dispós de vida privada, xa que dedicas a maioría do tempo a atender o concello.

**Cales son os seus obxectivos a nivel político?**  
Construír un Centro de Día e inaugurar o Museo da Tornería son os



piases fundamentais.

**E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?**  
Mellorar as traídas de auga, saneamento, locais sociais e rematar o PXOM.

**Cales son as principais liñas do seu programa?**  
Os principais problemas de Xermade son o envellecemento da poboación e a dificultade de fixar poboación moza. En base a iso móvense as principais liñas de

da estrada autonómica LU-170 de Xermade-Momán, a captación de novos manantiais para a mellora da rede de traídas municipais e poder garantir o acceso a auga potable a longo prazo e a realización de concentracións parcelarias.

**De que proxectos se sente máis orgulloso?**  
Do Museo da Tornería e local comunitario. Cumprido o 25 aniversario, era unha demanda dos torneiros para cumprimentar o Encontro durante todo o ano con demostracións e exposicións permanentes de pezas. No eido cultural, estamos moi contentos de ter un tecido asociativo forte, que se exemplifica en asociacións veciñais como a de Cabreiros, con fortes apostas como as Xornadas Interxeracionais, o Premio Xermade na Historia ou a Invernada de Cine. Tamén que a UNED Sénior faga cursos e actividades en Xermade. No relativo a infraestruturas, do arranxo de numerosas vías municipais. Ademais, aínda que non é un proxecto do Concello, estamos moi orgullosos da colaboración público-privada que permite que Xermade teña un referente nas enerxías renovables como é Sotavento.

**Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?**  
Unha persoa amiga, próxima e entregada con todos.

**Como é a súa relación coa oposición?**  
Boa. Debatenos, escoitamos as súas demandas e chegamos a acordos na medida do posible, o que permite unha cordialidade exemplar no funcionamento municipal.

“Cando é vocacional, a dedicación non supón sacrificio”


| DATOS                                                 |
|-------------------------------------------------------|
| <b>HABITANTES:</b> 1.698.                             |
| <b>PARROQUIAS:</b> 10.                                |
| <b>EXTENSIÓN:</b> 166 km cadrados.                    |
| <b>PARTIDO XUDICIAL:</b> Vilalba.                     |
| <b>CORPORACIÓN:</b> 5 concelleiros do PSOE e 4 do PP. |
| <b>VOCEIRO PP:</b> Antonio Riveira Requeixo.          |

| EN CLAVE PERSOAL                                                                                              |                                                                        |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------|
| <b>• Idade, estado civil e familiar</b><br>60 anos, divorciado con dous fillos                                | <b>cantante</b><br>Xermade na Historia, Grease e Joaquín Sabina        |
| <b>• Profesión e formación</b><br>Axente Ambiental. Ciclo Superior Forestal                                   | <b>• Unha afección</b><br>Pasear pola natureza                         |
| <b>• E se non fora técnico forestal que lle gustaría ser?</b><br>Biólogo                                      | <b>• Un lugar que visitar</b><br>O mirador de Gohía                    |
| <b>• Que quería ser de maior</b><br>Sempre tiven claro que quería traballar en algo relacionado coa natureza  | <b>• Unha comida e unha bebida</b><br>Un bo cocido e un viño autóctono |
| <b>• Que fai para desconectar?</b><br>Nunca desconecto de todo, pero intento pasar tempo con amigos e familia | <b>• Unha personaxe admirada</b><br>Ramón Villares                     |
| <b>• Unha virtude e un defecto</b><br>A empatía. Non dar feito todo o que me piden os veciños                 | <b>• Unha posesión prezada</b><br>O meu fogar                          |
| <b>• Un consello para compartir</b><br>É fundamental buscar a armonía entre a veciñanza                       | <b>• Un desexo</b><br>A paz mundial                                    |
| <b>• Un libro, unha película ou/e un grupo de música/</b>                                                     | <b>• Algo para esquecer</b><br>A pandemia                              |
|                                                                                                               | <b>• Que é o que máis valora nunha persoa?</b><br>A bondade            |
|                                                                                                               | <b>• Un desafío pendente</b><br>Visitar á familia en Miami             |
|                                                                                                               | <b>• Onde se ve en cinco anos?</b><br>Como alcalde de Xermade          |

“Construír un Centro de Día e inaugurar o Museo da Tornería son os piares fundamentais dos meus obxectivos políticos”

actuación: Garantir uns servizos sociais de calidade, na atención aos nosos maiores. Seguir potenciando as actividades culturais no noso Concello. Crear máis solo industrial para xerar emprego. Promover a agrupación de leiras para poder explotar mellor o solo para granxas e para produción forestal. Seguir apoiando o patrimonio natural de Xermade, a través de rutas de sendeirismo e dos camiños reais Mondoñedo-Ferrol, Viveiro-Vilalba e Vilalba-Betanzos, que discorren polo noso Concello de norte a sur.

**Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?**  
Ademais das anteriores, a mellora



## Entregados os Premios do Entroido 2026 cunha ampla participación

O Concello de Xermade deu a coñecer os gañadores e gañadoras dos Premios do Entroido 2026, un certame que volveu destacar pola elevada participación e pola creatividade dos disfraces presentados en todas as categorías. O concurso recoñeceu tanto a persoas empadroadas no municipio como a participantes procedentes doutros lugares, consolidándose como unha cita festiva de referencia na comarca.

Na categoría infantil de persoas empadroadas, o primeiro premio, dotado con 70 euros, foi para Guardia Real de Xermade, de Patricia Pico Roca. O segundo premio, de 50 euros, recaeu en O dúo insoportable, de Verónica Salgado Prieto, mentres que o terceiro, con 25 euros, foi para O allien do Reguengo, de Silvia Prieto Ardao.

Na modalidade individual ou parella de persoas empadroadas, o primeiro premio, de 100 euros, foi para Los guardianes del bosque, de Marina Pilar Trastoy Vérez. O segundo premio quedou deserto e o terceiro, con 50 euros, foi para Na mesa argalleira,

presentado por María Elena Eimil Codesal.

Na categoría de grupos empadroados, o primeiro premio, dotado con 200 euros, foi para Choros e risas, de María José Novás Ferreiro. O segundo premio, de 150 euros, recaeu en Xabaríns de palabra curta, de Paula Campello Castro, e o terceiro, con 100 euros, foi para Pico ou bico?, de Jennifer Caaveiro Pena.

Entre os participantes non empadroados, o primeiro premio, de 150 euros, foi para Funkofest, da Asociación Cultural e Deportiva de Árbol. O segundo premio, de 100 euros, foi para Expediente Terra Chá, de Vanesa Teijeiro Camba, e o terceiro, con 50 euros, para A fábrica de chocolate, de Lucía Carballido Trastoy.

O xurado concedeu ademais o Premio Especial á Orixinalidade, dotado con 80 euros, ao disface El Bioshock, de Félix Feijóo Trigo. Así mesmo, na categoría individual ou parella declarada deserta, outorgouse un premio de 75 euros a Xaque á intolerancia na Chaira, presentado pola Asociación Familiar do Entroido Chairego.

## A Festa da Xuventude celebrárase o 18 de abril

O vindeiro 18 de abril, o Polideportivo Municipal de Xermade acollerá a VIII Comida Popular da Festa da Xuventude 2026, unha cita xa consolidada no calendario festivo da comarca.

O evento dará comezo ás 14:00 horas cunha sesión vermú amenizada polo dúo Estrellas, seguida dun gran xantar popular cun menú composto por xamón cocido, polbo, churrasco mixto con criollo, sobremesa, pan, bebida, café e licor. O prezo do xantar será de 36 euros para adultos e 18 euros para nenos de 7 a 11 anos, sendo gratuito para menores de 6 anos. Estes comerán peituga de polo con salchichas e patacas.

Pola tarde, a partir das 18:00 horas,

a festa continuará coa música en directo do dúo Estrellas e co sorteo de agasallos. Tamén haberá cochetos de balde para os pequenos. As persoas interesadas en asistir deben inscribirse antes do 14 de abril e poden adquirir os tickets nos establecementos Bar Casal e Bar O'Pita, Restaurante O Paso, Xermade Alimentación e Comercial Pita. Para máis información, poden contactar cos membros da comisión organizadora a través dos teléfonos dispoñibles no cartel do evento.

A cita está organizada pola Comisión de Festas de Xermade 2026, contando coa colaboración de diversos establecementos locais e do Concello de Xermade.

### MAIORES DE MOMÁN



Un total de 35 integrantes do Consello de Maiores de Momán realizaron unha visita cultural ao Museo das Minas de San Finx, situado no concello coruñés de Lousame. A visita estivo guiada pola xeóloga Maite, natural da zona e estudosa do patrimonio mineiro de Lousame.

## A Asociación de Cabreiros inicia un programa de rutas de sendeirismo con catro propostas

A Asociación de Veciños de Cabreiros anunciou o inicio do seu programa de rutas de sendeirismo para o ano 2026, unha proposta que inclúe catro percorridos pensados para seguir fomentando a actividade física e o descubrimento de espazos naturais en boa compañía. A iniciativa, que conta coa colaboración do Concello de Xermade, combinará natureza, convivencia e patrimonio ao longo da primavera.

A primeira cita será o sábado 21 de marzo coa Ruta polo Beille e bancos de pedra, un itinerario circular de 10 quilómetros e dificultade baixa. O domingo 12 de abril celebrárase o Camiño Real Lugo-Friol, un percorrido lineal de 14 quilómetros tamén de dificultade baixa. O programa continuará o sábado 25 de abril coa Ruta da Ventureira, en Capela, de carácter circular e 12 quilómetros de distancia. A última proposta terá lugar o domingo 31 de maio co Camiño de Inverno entre A Pobra do Brollón e Monforte, unha ruta lineal de 13 quilómetros igualmente accesible.

Desde a organización sinalan que para cada unha das saídas se informará da posibilidade de reservar xantar en restaurante ao remate da ruta, así como da opción de desprazamento en autobús para facilitar a participación. As persoas interesadas poden ir anotando xa as datas no seu calendario e obter máis información a través do teléfono 686 10 47 80.

## A Biblioteca municipal nomea os socios de honra do ano 2025

A Biblioteca Pública Municipal de Xermade fixo entrega este xoves dos premios aos seus socios de honra correspondentes ao ano 2025, un recoñecemento co que se distingue ás persoas usuarias que máis lecturas realizaron ao longo do pasado ano no servizo bibliotecario.

Nesta ocasión, o galardón na categoría de persoas adultas recaeu en Carolina Martín, mentres que na categoría infantil o recoñecemento foi para Yeray Piñeiro, ambos destacados pola súa participación activa e constante no préstamo de libros e no fomento do hábito lector. Como parte deste distintivo, os

socios de honra poderán beneficiarse durante o presente ano de condicións especiais no uso da biblioteca, que lles permitirán levar un maior número de exemplares en préstamo e durante un período de tempo máis amplo do habitual. A concelleira de Cultura do Concello de Xermade, Verónica Amarello, foi a encargada de facerlles entrega dos correspondentes agasallos conmemorativos, que inclúen un diploma acreditativo, lotes de libros, un diario de lectura, camisetas do Concello e libretas. Deste xeito, a Biblioteca Pública Municipal de Xermade pon en valor o compromiso coa lectura dos



seus usuarios e continúa promovendo iniciativas para incentivar o uso dos seus servizos entre a veciñanza.

## Arranca o Reto Lector, no que se lerán 10 libros

A Biblioteca Municipal puxo en marcha o Reto Lector, unha iniciativa coa que convida ás persoas usuarias a fomentar o hábito da lectura todo o ano. A proposta consiste en ler dez libros de distintas temáticas, seleccionadas desde a propia biblioteca, co obxectivo de achegar ás lectoras e lectores a xéneros, estilos e autorías variadas. Nesta edición, o reto inclúe lecturas dun autor ou autora da Terra Chá, libros protagonizados por mulleres, clásicos literarios, obras ou autores premiados, poesía, libros baseados en personaxes reais, cómic, libros escritos en galego, historias centradas nos vínculos familiares e nove-

las de misterio.

As persoas interesadas en participar deberán inscribirse na biblioteca municipal, onde recibirán un pasaporte lector que se irá selando a medida que vaian completando cada unha das temáticas, sen que exista unha orde obrigatoria para as lecturas. O reto está aberto a participantes de todas as idades. Desde a Biblioteca Municipal ofrecerase asesoramento personalizado para axudar a escoller as lecturas que mellor se adapten aos gustos e intereses de cada persoa. Ao remate do ano, entre todas aquelas que consigan completar o reto, sortearase un lote de libros.

## O Rábade Biker's Moto Club organiza un gran cocido para socios o 15 de marzo

O Rábade Biker's Moto Club celebrará o vindeiro 15 de marzo unha nova edición do seu gran cocido, unha cita gastronómica e de convivencia dirixida exclusivamente aos socios do ano 2026 e aos seus acompañantes, que se desenvolverá no Galpón do Pulpo, en Rábade.

O xantar dará comezo ás 14:00 horas e contará cun menú tradicional no que o cocido será o prato estrela, mantendo así unha das propostas culinarias máis representativas da gastronomía galega. O prezo establecido para asistir é de 35 euros por persoa, sendo imprescindible anotarse previamente para participar na xornada.

A programación completárase cunha ruta moteira que precederá ao xantar. A saída está prevista para as 10:00 horas, permitindo aos participantes gozar dun percorrido en grupo antes de compartir a mesa nun ambiente de confraternidade.

Desde o club sinalan que esta iniciativa forma parte das actividades anuais da entidade, co obxectivo de reforzar os lazos entre os seus membros e fomentar a paixón polo motociclismo combinada coa tradición gastronómica.

## Aberto o prazo de inscrición para participar no Máster de Fútbolín

O Máster Nacional de Fútbolín de Rábade, que este ano chega á viséxima sétima edición, celebrarase nas datas previstas para o mes de abril, concretamente os días 2, 3 e 4 coincidindo, como é tradición, coa festividade da Semana Santa.

Nesta edición están previstos premios por valor de 15.000 euros e o reparto de máis de 135 trofeos e medallas. Prevese superar de novo as máis de 350 parellas participantes, que son as cifras que se manexaron nos últimos anos.

Como en anteriores edicións, haberá cinco modalidades de xogo e tres niveis, e volverá xogarse no pavillón Eduardo Fernández. Esta medida tomouse o ano pasado debido ao elevado número de asistentes, que crece ano a ano.

Este ano, como novidade haberá unha nova modalidade, a mixta, que se xogará o primeiro día do torneo. Todos os demais detalles daranse a coñecer o martes día 31 de marzo, na presentación do evento, o mesmo día no que acaba o prazo de inscrición e se fai o sorte de equipos.

O Gran Máster Nacional de Fútbolín repartirá para os de movemento e en parado oito premios en cada ca-



tegoría desde os 1.500 aos 30 euros ademais do trofeo. No apartado feminino, as gañadoras recibirán 800 euros e haberá premio para oito parellas. Ademais, na combinada tamén haberá catro recoñecementos, con contías que van dos 400 aos 50 euros.

Tamén contarán de novo co trofeo Alejandro Finisterre, para o xogador máis regular; o trofeo Concello de Rábade para o mellor xogador e o trofeo David García, para o mellor porteiro. Engádense tamén o trofeo Xunta de Galicia ao mellor xogador da comunidade autónoma, o trofeo Bola Meiga á amizade, o trofeo Ga-

lial ao mellor xogador da provincia de Lugo, o trofeo Merchi á mellor xogadora e o Trofeo PRF á peña máis participativa.

A inscrición está aberta ata o 30 de marzo e ten un prezo de 30 euros por xogador. A organización xa confirmou a participación de parellas para a competición coas as mixtas formadas por Ángela e Marto ou Verónica e Villa.

Ademais, o sábado anterior á cita, o 28 de marzo, terá lugar o tradicional torneo de parellas cegas, que organiza tamén a peña de Rábade Fútbolín, tamén no pavillón Eduardo Villamarín.

## A vila celebrará o 8M con actividades diversas ata o día 16

O Concello de Rábade iniciou a súa programación polo o 8 de marzo, Día Internacional da Muller, con actividades dirixidas a toda a poboación.

O programa deu comezo o xoves 5 de marzo coa presentación ás 11:00 horas no Centro Sociocultural do xogo Feminismos no tempo.

Ese mesmo día pola tarde houbo un contacontos para público familiar (+5) a partir das 18:00 horas no Centro Sociocultural, baixo o título *A máquina do tempo das científicas*.

O xoves día 12 de marzo o Centro Sociocultural acollerá a presentación do libro *Alma de grilo*, de María García, ás 19:00 horas, un acto pensado para o público xeral. A autora fará unha presentación teatralizada acompañada da guitarrista Icí Saavedra.

Por último, o luns 16 de marzo haberá obradoiros coeducativos no CEIP Otero Pedrayo de Rábade dirixidos ao alumnado de 3º e 4º de Primaria nos que se vai promover a reflexión sobre os estereotipos presentes nos medios e na vida diaria, fomentando unha mirada crítica e coeducativa.

As actividades enmárcanse no programa Rábade en igualdade e están cofinanciadas polo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

## Activado no Concello un servizo semanal de atención catastral

O Concello de Muras, en colaboración coa Deputación de Lugo, puxo en marcha desde o luns 2 de marzo, un novo servizo de atención cidadá destinado a resolver cuestións relacionadas co Catastro. A iniciativa desenvolverase ao longo de tres meses consecutivos, co obxectivo de facilitar á veciñanza a tramitación e aclaración de asuntos administrativos vinculados á información catastral.

O servizo prestarase todos os luns en horario de 9:00 a 14:00 horas nas dependencias municipais e estará atendido por un técnico especializado, que ofrecerá asesoramento personalizado e apoio na xestión de incidencias, consultas sobre titularidades, modificacións de datos ou calquera outro trámite relacionado co Catastro.

Desde o Concello subliñan que esta medida busca achegar a administración á cidadanía e evitar desprazamentos innecesarios.

## Aprobado o arranxo da ponte entre Viveiró e A Balsa, que caeu en xaneiro

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou investimentos por un importe conxunto que supera os 700.000 euros para continuar mellorando a mobilidade na provincia, neste caso, co acondicionamento de vías municipais e provinciais nos concellos de Negueira de Muíiz, O Vicedo e Muras.

“Estas intervencións responden ao compromiso firme deste Goberno de garantir a seguridade nos máis de 4.200 quilómetros que ten a rede viaria provincial e coa cooperación cos concellos especialmente os máis pequenos e das zonas rurais, tal e como vimos demostrando cada venres nesta Sala de Xuntas”, informou tras a reunión semanal a Voceira Socialista do Goberno, Pilar García Porto.

Adxudicáronse á empresa Cholo SL as obras de mellora en dúas vías pro-

vinciais do concello de Muras, por un importe económico de 250.000 euros. Por unha banda, mellorárase un treito de case 3 quilómetros -do 0 ao 2,915- desde o inicio da LU-P-3402. Esta é a vía que une A Gañidoira coa parroquia de Viveiró e que dá acceso a puntos de interese turístico como o Miradoiro de Mazoi. Os traballos consistirán na reapertura de cunetas, na pavimentación con aglomerado en quente e na sinalización horizontal e vertical.

Por outro lado, a actuación inclúe o arranxo dun tramo de algo máis de 6 quilómetros da LU-P-6502, a estrada que vai de Vilalba a Chavín pola Balsa nos quilómetros comprendidos entre o punto quilométrico 18,100 ao 24,300. Precisamente neste tramo sitúase a ponte que colapsou por mor dos temporais e que mantén a estrada pechada ao tráfico.



O proxecto inclúe a reparación integral da estrutura e ademais a reapertura de cunetas, a reparación de desperfectos, a repavimentación e a sinalización horizontal e vertical. O prazo de execución de ambos proxectos será de tres meses.

O alcalde Muras, Manuel Requeijo, trasladou á presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, a urxencia de arranxar a ponte entre Vilalba e Chavín.

O rexedor mantivo unha xuntanza coa presidenta provincial, na que se interesou polo prazo de execución das obras previstas na vía, que per-

manece pechada ao tráfico desde o pasado 27 de xaneiro.

Requeixo urxiu unha actuación que resolva no prazo máis breve posible o corte desta vía, que obriga á veciñanza, especialmente a gandeiras e gandeiros, a desvíos que supoñen tempo e custos que dificultan o seu día a día.

O alcalde murés solicitou tamén actuacións de mantemento nas vías de titularidade provincial que pasan polo municipio, tanto no pavimento como nas gaviás, cuxo mal estado evita a drenaxe da auga e acelera o deterioro do firme.

# DEPUTACIÓN

## A Deputación pide á Xunta máis recursos para a atención á diversidade

O Pleno ordinario da Deputación provincial aprobou unha iniciativa socialista para reclamar á Xunta de Galicia a necesidade de reforzar o persoal de atención á diversidade nos centros educativos da provincia. A moción contou cos votos a favor do PSdeG, o BNG e o deputado non adscrito e os votos en contra do PP.

“Levamos anos vendo o declive da ensinanza pública por falta de vontade política. É evidente que Galicia arrastra unha falta estrutural de profesorado especialista en atención á diversidade, o que impide garantir unha educación verdadeiramente inclusiva e adaptada ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio”, sinalou a Deputada de Muller e Igualdade, Marisol Morandeira Morandeira. Destacou ademais que este ano o curso académico arrancou na provincia de Lugo 157 vacantes de profesorado sen cubrir, “algo que se repite ano tras ano”.

Defendeu que son numerosos os exemplos de centros na provincia de Lugo que carecen de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) a pesar de contar con alumando que ten ditame recoñecido, ou nos que a atención á diversidade queda gravemente limitada pola falta de recursos humanos mínimos, xerando unha situación de desigualdade entre concellos.

O texto presentado polos socialistas inclúe ademais que a Xunta de Galicia elabore e poña en marcha “de maneira inmediata” un Plan de Choque específico para reforzar os



especialistas en atención á diversidade; que dote este dos recursos económicos e humanos necesarios; que revise os criterios de asignación e ratios de profesorado PT e AL; e que garanta a cobertura efectiva das prazas necesarias.

Ademais, o Pleno aprobou por unanimidade unha Declaración Institucional con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, na que se recoñece o papel das mulleres que sosteñen a administración local e desempeñan funcións esenciais na planificación, xestión e prestación de servizos públicos.

**OUTRAS PROPOSTAS.** A Deputación de Lugo instou á Xunta a poñer en marcha unha estratexia organizada e preventiva para salvagardar o patrimonio da provincia e impedir que se produzan danos irreversibles nos seus bens culturais. A proposta, presentada polo BNG, saíu adiante, malia o voto en contra do PP.

No transcurso do debate, a deputada nacionalista Iria Castro cuestionou a ausencia dunha política de conservación sólida por parte do Executivo autonómico, ao que lle corresponde a tutela dos Bens de Interese Cultural. Subliñou que non abonda con actuar cando xa se produciron derrubamentos, senón que é preciso anticiparse cunha planificación que evite o deterioro. Como exemplo, referiuse á Muralla de Lugo, onde informes técnicos sinalan varios puntos sensíbles, e tamén a outros enclaves como a Torre de Torés, a Torre de Caldaloba ou a Casa Benedicto, casos nos que denunciou demoras e falta de actuación por parte da Xunta.

Na mesma sesión plenaria, a Corporación aprobou por unanimidade unha iniciativa para reclamar ao Goberno do Estado unha intervención integral na N-540, estrada que conecta Lugo con Ourense. O BNG solicitou actuacións inmediatas nos

treitos máis afectados ao longo do primeiro semestre de 2026 e a execución, sen máis atrasos, dunha reforma en profundidade da vía.

O deputado Daniel García alertou do perigo que representa o estado actual da estrada para a seguridade das persoas usuarias e criticou a escasa inversión en infraestruturas viarias na provincia. Ademais, fixo referencia á situación doutras vías relevantes como a N-VI, a N-120 e a N-640, así como aos atrasos acumulados en proxectos como a A-74, a VAC Costa Norte ou o desdoblamento da AG-22.

O PP criticou que PSOE e BNG votasen en contra das dúas iniciativas. Os populares propoñían, por unha banda, habilitar un fondo extraordinario de polo menos 5 millóns de euros para axudar aos 67 concellos da provincia a reparar infraestruturas municipais danadas polos temporais, especialmente camiños rurais, mediante axudas directas e procedementos simplificados.

Tamén solicitaron que a Deputación instase ao Goberno central a retirar o recurso presentado ante o Tribunal Constitucional contra o plan galego de axilización da dependencia.

**VISITA AO PLENO.** A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, saudou a un grupo de 24 alumnos e alumnas, xunto a varios docentes, do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos do Campus de Lugo, que asistiron en directo aos Plenos ordinario e extraordinario celebrado no Pazo de San Marcos.

## Aprobada a listaxe de admitidos na sexta edición do Coñece a túa provincia

A Xunta de Goberno aprobou a listaxe provisional das entidades admitidas para participar na sexta edición do Coñece a túa provincia, que saen publicadas, no BOP.

Esta nova convocatoria bateu récord de participación cun total de 365 solicitudes, 32 máis que o ano pasado. Destas solicitudes, 135 colectivos foron admitidos, mentres que 230 quedan na lista de agarda por se se producen baixas. “Un dato a destacar é que, nesta ocasión, todos os colectivos admitidos participan por primeira vez, xa que se priorizaron as entidades que nunca antes formaran parte desta iniciativa. O obxectivo é ampliar o alcance do programa e abrir novas oportunidades de redescubrir a provincia a través destas viaxes gratuítas”.

Desde que se puxo en marcha en 2021, o programa medrou de xeito constante e consolidouse como un éxito rotundo entre os colectivos da provincia. O seu interese non deixa de crecer: ata agora, preto de 12.200 persoas participaron, xerando un retorno económico superior a 800.000 euros.

Ademais aprobáronse as bases e convocatorias para cubrir seis novas prazas de funcionario mediante concurso-oposición incluíndo unha praza de Auxiliar para o Arquivo Provincial, tres prazas de Auxiliar de Sala para a Rede Museística-dúas reservadas a persoas con discapacidade-, e por último, dúas prazas de Maquinista-Conducidor para o Parque Móvil reforzando así os servizos públicos da institución provincial. Nos vindeiros días saíran publicadas no BOP.

## Impulsarán cursos e demostracións de artesanía na provincia

A Vicepresidencia pon en marcha unha nova iniciativa de promoción da artesanía, o programa Mans artesás, co que profesionais da provincia ofrecerán demostracións, obradoiros e cursos de diferentes oficios tradicionais e manuais. Cestería, olería, traballo con coiro, técnicas de tecido ou torneado e tallado de madeira son algunhas das actividades incluídas, que se desenvolverán en función da dispoñibilidade das artesás e artesáns participantes.

As asociacións e colectivos interesados deben remitir un correo electrónico a [formacion.centrad@deputacionlugo.org](mailto:formacion.centrad@deputacionlugo.org) con tempo.

## O Consello de Turismo aproba os premios 2026

A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu a primeira reunión do ano, no que se aprobaron as bases da convocatoria 2026 para os Premios de Turismo e se presentou o calendario das accións previstas.

Ao igual que anos anteriores, os Premios de Turismo contarán con tres modalidades –Lugo Cambia ao Turismo Lucense, Premio Turismo Sostible e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense.

Poden optar aos galardóns tanto persoas físicas como xurídicas,

públicas ou privadas, a nivel local, autonómico, nacional ou internacional, sempre que o seu traballo teña repercusión positiva no turismo ou na gastronomía da provincia ou nunha zona concreta de Lugo. Os proxectos, iniciativas ou traxectorias profesionais deberán estar vixentes ou realizarse no marco dun plan en curso.

A entrega dos premios terá lugar nunha gala que se celebrará o 27 de setembro no Pazo de San Marcos, coincidindo coa Día Mundial de Turismo. O prazo de presentación de candidaturas abrirase tras a publicación da convocatoria no Boletín



Oficial da Provincia, e as solicitudes deberán presentarse de forma telemática a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo, cun prazo dun mes.

Ademais, a vicepresidenta do Consello de Turismo detallou as principais accións da área de Turismo da Deputación para o ano 2026. Entre as

principais accións mantéñense programas consolidados, como o Coñece a túa provincia, as rutas fluviais, as rutas do románico ou a presenza en feiras e eventos turísticos.

Ademais, a Deputación continuará apoiando a entidades e concellos co obxectivo de fomentar iniciativas turísticas e festas locais.

# TERRA CHÁ

## A Fiscalía querélase contra o ex presidente da Deputación por acoso

A Fiscalía Provincial de Lugo interpuso unha querela contra o alcalde de Monforte e ex presidente da Deputación de Lugo, tras recibir unha denuncia particular por feitos presuntamente delituosos labores contra unha muller en setembro. O Ministerio Fiscal considera que os feitos denunciados, con carácter provisional e sen prexuízo do resultado que puidese lanzar a investigación penal, poderían ser constitutivos ben dun delito de acoso sexual, ben dun delito de abuso no exercicio da función pública. Considera a Fiscalía que os feitos están suficientemente determinados e posúen indicios fundados de criminalidade para exercer a acción penal, mediante a apertura de dilixencias de investigación preprocesal (DEP) e a interposición de querela, sen ser preciso efectuar ningunha dilixencia de investigación desde a Fiscalía, de maneira que, unha vez xudicializado o asunto, poidan exercerse en toda a súa extensión os dereitos de defensa. Esta denuncia vén a completar a efectuada a través da canle interna do Partido Socialista en Madrid e que provocou no mes de decembro a dimisión de José Tomé como presidente da Deputación nunha auténtica tormenta política, aínda

que este segue a manter o cargo de alcalde de Monforte e segue na corporación provincial como deputado no adscrito. O ex presidente mantivo desde o inicio que as acusacións eran falsas, asegurando que “quen nada fixo, nada ten que temer”. Ademais, ao pasar o asunto á vía penal, e como establecen as normas, o PSOE anunciou que suspende o procedemento interno que estaba aberto no Canal Antiacoso. “Será a Xustiza agora quen determine o que ocorreu e, se procede, as responsabilidades correspondentes, a partir das que actuaremos, como sempre, con responsabilidade, coherencia e respecto ás persoas e as institucións”, din. Tras coñecerse esta querela, o PP esuxiu “coherencia” a PSOE e BNG. Antonio Ameijide reclámaslle que “deixen de amparar de inmediato” a José Tomé “e que suspendan todos os acordos que teñen con el, tanto na Deputación como no Concello de Monforte”. Pola súa conta, o BNG asegurou que nada cambiou con esta querela porque o acordo de goberno co PSOE segue nos mesmos termos que se firmou antes da toma de posesión de Carmela López como presidenta do ente provincial.

## Convocada unha nova edición do concurso Debuxando en Igualdade

O Concello de Mondoñedo, a través do seu Centro de Información á Muller (CIM), vén de lanzar unha nova edición do concurso “Debuxando en Igualdade e contra a violencia de xénero”, unha iniciativa enmarcada na conmemoración do 8 de Marzo que pretende promover a reflexión e a sensibilización entre a mocidade arredor da igualdade real e da erradicación da violencia machista. O certame está dirixido ao alumnado de Educación Primaria e Secundaria dos centros educativos de Mondoñedo, Abadín, Lourenzá, A Pastoriza, Riotorto e Meira, convidándoos a expresar, a través do debuxo e da ilustración, a súa visión sobre a igualdade entre mulleres e homes e

a importancia de construír unha sociedade libre de violencia de xénero. Cada participante poderá presentar unha única obra, en formato A4 ou A3, empregando técnicas libres de debuxo ou ilustración. O prazo para a entrega dos traballos permanecerá aberto ata o 13 de marzo de 2026, segundo recolle a convocatoria. Desde o CIM destacan o valor educativo e social deste concurso, que permite traballar a igualdade e o respecto desde idades temperás, fomentando a creatividade como ferramenta para a concienciación. As bases completas do certame poden consultarse nas oficinas municipais e tamén a través das redes sociais do CIM Concello de Mondoñedo.

## Buscan que a Serra do Xistral sexa Paisaxe Emblemática Mundial

A Reserva da Biosfera Terras do Miño, e de maneira moi destacada as turbeiras da Serra do Xistral, incorpórase á rede de Global Flagship Landscapes, promovida por Wetlands International, unha organización de referencia global en conservación e restauración de humidaís. Este fito internacional reforza o papel das turbeiras atlánticas do noroeste ibérico como ecosistemas singulares e estratéxicos para a biodiversidade, a regulación hidrolóxica e a acción climática.

A iniciativa foi liderada polo profesor da USC Xabier Pontevedra Pombal, pertencente ao grupo de Estudos medioambientais aplicados ao patrimonio natural e cultural (GEMAP) e ao Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), e polo Centro Ibérico de Restauración Fluvial (CIREF). A acción enmárcase no contexto de SpongeBoost, proxecto Horizon Europe que procura escalar a función “esponxa” dos ecosistemas de auga doce e solos: reter auga no territorio, amortecer extremos hidrolóxicos e xerar beneficios múltiples para sociedade e natureza mediante solucións baseadas na natureza. Terras do Miño foi declarada Reserva da Biosfera no ano 2002 e abrangue



363.668,9 hectáreas (ha) e 26 concellos na conca alta do río Miño. No seu ámbito intégranse espazos da Rede Natura 2000, entre eles a ZEC Serra do Xistral (22.964 ha), onde se localiza un conxunto salientable de queirógais húmidos, e o principal núcleo de turbeiras do sur de Europa. Na estratexia global Wetlands for Life (2026–2035), Wetlands International aposta por fortalecer o seu traballo en 12 ‘flagship landscapes’ como territorios demostrativos nos que a acción sobre zonas húmidas pode acelerar cambios transformadores. A organización lembra que estas sosteñen servizos ecosistémicos de valor económico moi elevado, malia teren sufrido unha perda global moi significativa desde comezos

do século XX.

Para Terras do Miño–Serra do Xistral, que é o único territorio europeo nesta rede, o recoñecemento tradúcese en visibilidade internacional, maior capacidade de cooperación técnica e impulso de proxectos de seguimento e restauración. Mais tamén supón unha responsabilidade: manter a integridade hidrolóxica das turbeiras, previr degradacións e demostrar resultados medibles de conservación. “Este recoñecemento reforza o papel e a responsabilidade da USC na ciencia aplicada á conservación: as turbeiras son infraestruturas naturais para a auga, o clima e a biodiversidade, e a súa protección é unha prioridade compartida coa sociedade e coas administracións”, explican.

## Os GES reclaman ás deputacións e á Xunta que asuman a súa xestión

Efectivos dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) procedentes de distintos puntos de Galicia concentráronse diante do Pazo de San Marcos, coincidindo coa celebración do pleno ordinario da Deputación, co obxectivo de reclamar condicións laborais dignas e que a Xunta e as deputacións asuman a responsabilidade sobre estes servizos.

A protesta, que xa é a segunda convocada na comunidade autónoma, contou co respaldo de organizacións sindicais como CSIF, CIG, CNT e CCOO. Arredor do mediodía, un amplo grupo de bombeiros ocupou a explanada fronte á sede provincial nunha mobilización de carácter pacífico, aínda que marcada por sinais visibles de protesta como o lanzamento de bengalas, petardos e botes de fume.

O presidente da Asociación dos GES de Galicia (Agesga), Julio Ribero, foi o encargado de dar lectura ao manifesto no que se recollen as principais



reivindicacións do colectivo. Durante o acto, os participantes tamén realizaron unha homenaxe aos compañeiros falecidos, axeonllándose en sinal de respecto.

Os profesionais dos GES insisten en que desenvolven as mesmas funcións que os bombeiros integrados nos consorcios provinciais, dado que estes grupos foron concibidos como unha prolongación dos mesmos. Segundo denuncian, interveñen en

todo tipo de situacións de risco sen contar co recoñecemento nin coas condicións laborais equiparables. Neste sentido, sinalan a existencia dun “fraude á Seguridade Social”, ao estaren encadrados nunha categoría profesional que non se corresponde coas tarefas que desempeñan, o que lles impide, entre outras cuestións, acceder á xubilación anticipada mediante coeficientes redutores como o resto do colectivo de bombeiros.

# Presentan o programa das Letras Galegas de Begoña Caamaño

“Gústame contar historias porque me permiten transmitir e narrar algo máis verdadeiro ca a verdade”. Begoña Caamaño (Vigo, 1964 - Santiago de Compostela, 2014) só publicou dúas novelas, pero en Circe ou o pracer do azul (2009) e Morgana en Es-melle (2012) contou moito. Coa súa reescritura dos mitos desde a perspectiva das personaxes femininas da Odisea e o mito artúrico, das voces que nunca foron escoitadas, a protagonista das Letras Galegas 2026 falou de temas universais como o amor, a liberdade e a morte, de cuestións éticas, políticas e sociais, cun estilo ambicioso no literario e engaiolante. En vida os seus libros obtiveron o recoñecemento da crítica, pero a morte prematura desta autora de debut serodio dificultou o acceso á súa obra por parte do gran público. A Real Academia Galega pulará por que o Día das Letras Galegas que lle dedica este ano popularice o coñecemento e a lectura do seu legado cunha programación que combina propostas presenciais e na Rede, concibidas para todas as idades, entre elas un filme documental ou o primeiro videopódcast da Academia.

O calendario de actos presenciais da RAG dedicados á divulgación da



figura e da obra de Begoña Caamaño arrincará en Vigo o 2 de marzo no CEIP O Pombal. Da man da comunidade educativa deste colexio vigués, a institución presentará a nova edición do seu proxecto para o público infantil, Primavera das Letras (primaveradasletras.gal). Nesta ocasión, a convidada a lles presentar a protagonista das Letras Galegas aos nenos e nenas é An Alfaya, que escribiu un texto teatral inspirado no universo vital e literario da homenaxeada que ilustra Laura Romero, pensado tanto para a representación dentro e fóra das aulas coma para a lectura individual e ou dramatizada en grupo.

Vigo será tamén o escenario que acollerá en outono o Simposio Begoña Caamaño, un foro para profundar nas novas lecturas e análises do legado intelectual da homenaxeada, que sen dúbida han impulsar estas Letras Galegas; mentres que a cidade onde Caamaño se fixo escritora, Santiago de Compostela, acollerá o pleno extraordinario do 17 de maio na súa honra. As alocucións académicas correrán a cargo de Marilar Aleixandre, Víctor F. Freixanes, Manuel Rivas e Ana Romaní.

A RAG mantén ademais a aposta polo audiovisual que iniciou en 2021 coa serie web sobre Xela Arias.

## Adega alerta do perigo do parque eólico do Cordal para o mazarico

Adega alerta dos graves impactos ambientais, patrimoniais e sobre a biodiversidade do proxecto do parque eólico Cordal de Ousá, actualmente en exposición pública e fase de alegacións. O proxecto, impulsado por Eólica de Cordales S.L, contempla a instalación de 5 aerogeneradores e unha liña de alta tensión de 30 km ao longo dos concellos de Friol, Begonte, Rábade, Outeiro de Rei e Castro de Rei.

Segundo a documentación do propio proxecto, o parque eólico localízase practicamente na súa totalidade en zonas de exclusión eólica segundo o Mapa de Zonificación Ambiental para enerxías renovables do Ministerio para a Transición Ecolóxica. A poligonal do parque sitúase, ademais, na zona tampón da Reserva da Biosfera Terras do Miño, nun territorio cunha elevada concentración de xacementos e vestixios arqueolóxicos, cuxo impacto non foi avaliado.

Un dos aspectos que máis preocupa do proxecto é a liña de evacuación eléctrica, cunha lonxitude de case 30 quilómetros, que atravesará algúns dos espazos naturais máis sensibles da Terra Chá. Esta liña cruza dúas veces a ZEC Parga-Ladra-Támoga, incluído as Insuas do

Miño, sen que o Estudo de Impacto Ambiental avalíe alternativas de trazado nin de localización dos aerogeneradores, como esixe a normativa ambiental vixente.

Adega denuncia tamén que a liña de evacuación afectaría directamente á zona delimitada para a reprodución do mazarico real, especie catalogada en perigo crítico de extinción. Un tramo do tendido sitúase lindante coa zona de seguridade do Aeródromo de Rozas, no concello de Castro de Rei, onde se localiza na actualidade a única poboación reprodutora de mazarico real de toda a Península Ibérica. O trazado atravesará terreos do Monte Veciñal en Man Común Granda da Abilleira e Salgueiros, na parroquia de Duarría, onde a propia Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático mantén un convenio de colaboración co monte veciñal para a conservación desta especie.

Pola súa banda, o BNG de Outeiro de Rei vén de presentar alegacións ao proxecto alegando que “temos un concello inzado de liñas de evacuación, polo que o razoable sería aproveitar as infraestruturas xa existentes en lugar de abrir novos corredores que fragmentan o territorio e multiplican o impacto”.

## O índice de choivas dobrou aos valores habituais en xaneiro

MeteoGalicia indica que a Comunidade rexistrou en xaneiro unha precipitación media un 98% superior aos valores habituais neste período. En concreto, a precipitación media acumulada na Comunidade para a serie histórica 1961-2026 foi de 290 l/m<sup>2</sup>, o que, segundo os datos rexistrados en 16 estacións meteorolóxicas representativas, supón case o dobre dos valores climáticos normais. Deste xeito, pode considerarse un mes moi húmido e, de feito, foi o oitavo xaneiro máis húmido desde que hai rexistros.

Este período caracterizouse pola continua chegada de borrascas desde o océano Atlántico, sendo Francis, Goretti, Ingrid e Joseph as que máis afectaron á Comunidade. Así, as dúas últimas motivaron mesmo a activación de avisos vermellos. No caso de Ingrid, os días 22 e 23, foi no mar, mentres que as precipitacións causadas pola borrasca Joseph provocaron a activación dese aviso no interior de Pontevedra por acumulación o día 26. Neste caso foi, ademais, a primeira vez que MeteoGalicia activou un aviso vermello por precipitacións na Comunidade.

### EN BREVE



**VIVENDA.** A Xunta adxudicou recentemente dúas vivendas de promoción pública en réxime de alugamento na comarca da Terra Chá, unha delas na avenida Río Miño de Cospeito e a outra na rúa Ferrería de Vilalba.



**BIBLIOTECA.** A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude entregou os premios do Certame de Poesía Infantil de Nadal que organiza a Biblioteca Pública de Lugo en colaboración con outras bibliotecas da provincia. En concreto, na presente edición participaron 13 bibliotecas, que organizaron as súas respectivas fases locais e designaron en total 96 gañadores para a final.

## Da Silva non logra o apoio do Goberno para a súa moción contra Mercosur

A senadora do BNG, Carme da Silva, denuncia o voto en contra de PP e PSOE á moción nacionalista que procuraba instar o Goberno a mudar a posición e rexeitar o acordo UE-Mercosur polos seus efectos negativos sobre o sector agrogandeiro galego. Ambas formacións estatais, sinala Carme da Silva volven rexeitar defender os intereses dun sector estratéxico e critica a posición de PP e PSOE que “din defendelo en Galicia mais todas as veces que tiveron que votar, votaron a favor do acordo”. Após a votación da iniciativa do BNG, a senadora nacionalista sinala que agora “os galegos e galegas teñen claro cal é a posición política de cada grupo político”. Tanto Partido Popular como Partido Socialista, votaron en contra da iniciativa do BNG en que se instaba o Goberno a rexeitar o acordo de asociación entre a Unión Europea e Mercosur polos efectos negativos sobre o sector agrogandeiro.

“O BNG ten claro, desde hai moito tempo, a súa posición política: estamos en contra do acordo UE-Mercosur porque suporá grandes prexuízos para un sector fundamental e estratéxico para a economía galega, sobre todo para as pequenas e medianas explotacións galegas” alerta Carme da Silva durante a defensa da iniciativa do BNG.

O Acordo UE-Mercosur, enumera a senadora nacionalista, ten tres problemas esenciais: suporá a importación de alimentos producidos a milleiros de quilómetros, que vai en contra dos obxectivos marcados no seo da UE para o consumo de proximidade; existirá unha ausencia de controis e a utilización de fitosanitarios que na UE non se permiten e as condicións laborais das persoas que traballan nas explotacións.

“O PP ao sector dille en Galicia que está en contra do acordo mais, todas as veces que tivo que votar, votou a favor del” recorda a nacionalista.

## COLABORACIÓN

## Manuel Calvo Aguirre, un indiano de Portugalete

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Nos séculos dezanove e vinte, a diáspora galega e do resto do Estado emigraba aos países latinoamericanos; a maioría foron vivindo alí como puideron e non volveron, morrían alí e ide ver que foi deles...! dicía Rosalía. Pero algúns conseguiron acumular un gran capital; eran os chamados “indianos”, que volvían ricos e a posesión desa fortuna convértese na nota distintiva que os caracterizaba, diferenciándoos dos outros emigrantes que por desgraza non a conseguiron. Os indianos volvían fachedosos as súas vilas ou aldeas, onde normalmente facían un pazo ou unha casa grande con unha construción semellante a de onde estiveran emigrados e doaban parte do seu capital para obras de utilidade pública.

Castelao dicía que os galegos sempre procuraban volver á terra natal e tamén Manuel Calvo Aguirre, nacido en Portugalete o 25 de decembro de 1816, un indiano vasco pero fillo dun galego. Seu pai, Matías Calvo Garaboa, natural de Santiago de Compostela, era capitán da mariña dedicado a viaxes comerciais entre Londres e o Estado Español e súa

nai era Xosefa Aguirre Chopitea, natural de Ondarroa. De rapaz aprendeu a navegar con seu pai, que o 8 de maio de 1833 recibiu unha carta de seu irmán Juan Calvo, que se atopaba en Cuba, pedíndolle que lle mandase canto antes o sobriño para a illa, pois xa lle atopara traballo. Así que no verán dese ano, con 17 anos, embarcou rumbo a Cuba, traballando de dependente nunha ferraxería da Habana que mais tarde foi propiedade del ao casarse con Rosario Caballero, viúva do propietario Xosé Olano, tamén de orixe vasca.

Ademais da ferraxería, a súa muller tamén herdara outras propiedades na Habana e o enxeño azucreiro Flor de Sagua, no municipio de Sagua la Grande, na provincia de Villa Clara (antes Las Villas) e outras propiedades. Ademais dese capital inicial tiña certa habilidade para relacionarse con persoas idóneas como Antonio López López, primeiro marques de Comillas, polo que, con apenas vinte anos xa tiña inscritas dúas sociedades anónimas de comercio e cabotaxe e solicitou licencia para reedificar a casa que posuía na Calzada de Monte, esquina con Ángeles.

Pero non podemos afirmar que todo o capital era adquirido limpamente, pois a historiadora cubana Barcia Zequeira, déixanos constancia da participación de

Manuel Calvo nalgúns desembarcos de negreiros na costa occidental da illa pouco despois da súa chegada á Habana e outros desembarcos na zona de Pinar del Río, nos que participou entre abril e setembro de 1853. Grazas aos seus negocios mais ou menos limpos, nos anos sesenta xa posuía tamén o enxeño “Portugalete” de 6,589 hectáreas, aproximadamente 65,89 quilómetros cadrados, onde traballaban mais de 200 escravos, en San José de las Lajas, preto da Habana.

Daquela as centrais azucreiras tiñan moedas propias e el tamén acuñou unha coa inscrición en éuscaro “Gure kaiola” (A nosa gaiola) con unha cabana e un cabalo no anverso, para o negocio complementario na súa tenda de víveres, cantina, barbería, etc.

Con Antonio López, marques de Comillas, fundou o “Banco Hispano Colonial” e o 27 de decembro de 1876 crearon na Habana, con un capital dun millón de pesetas aportado a partes iguais, a Sociedade Manuel Calvo y Cía. En 1881 as dúas nabeiras de Calvo e de López, fúndense na “Empresa de Vapores Correos Transatlánticos”, quedando Calvo como vicepresidente.

Por ser fillo de galego ou non, tampouco Manuel Calvo se esqueceu do seu Portugalete natal, pois viña moitas veces a esa vila e no ano 1870 empeza construción



do “Hotel de Portugalete” como residencia de verán, ao lado da Ponte Colgante que une Portugalete coas Arenas e que doou despois para que coas súas ganancias se sufragara a chamada “olla de los pobres”, para repartir rancho e pan entre os probes. Dedicaba a metade a esas racións e si as ganancias excedían de certa cantidade, a outra metade era para a parroquia Santa María. Quería converter o Hotel na “Casa dos pobres”.

Doou tamén os terreos e colaborou na construción do Hospital-Asilo de San Juan Bautista, hoxe “San Juan de Dios”, e creou a Fundación Manuel Calvo que aínda xestiona o Hotel.


Na Habana era un membro importante da Unión Constitucional que representaba aos partidarios dunha “Cuba española” e partici-

pou no famoso e fracasado Pacto de Zanjón, sendo obxecto dun atentado no que morreu o seu cocheiro, pero el saíu ileso e cando Cuba conseguiu a independencia volveu para Portugalete en 1898, deixando a administración dos seus negocios en mans do seu afilado, Manuel de Otaduy.

Faleceu en Cádiz en 1904 e os seus restos foron trasladados a Portugalete en 1912 repousando na rúa central do Cemiterio de Pando, baixo un artístico monumento do artista catalán Josep Llimona, financiado polo seu herdeiro universal, o tamén filántropo Marqués de Comillas, que dicía estas verbas tan bonitas e solidarias: “...nos momentos que damos e cando nos sentimos ricos, ao non ter só para nós mesmos, senón para os demais. Non hai pracer na vida como o de dar!”

## Nunca choveu ...

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

que non escampara. Poderíamos botar man do dito para referirmonos a este inverno no que a meirande parte dos días foron pasados por auga. Como se no País non estivésemos afeitos a ver chover, semella; nosoutros, os galegos, quen temos na nosa lingua unha considerable lista de palabras para identificar a choiva, estamos abraiaados polas poucas xornadas onde o sol se dignou a facer acto de presenza. Porque a dicir verdade, tivemos ocasión

de utilizar os diversos termos; desde orballo, poalla e chuvisca ata treboada, trobón, saraiba e auganeve. E aínda poderíamos engadir outra ducia máis. Se alguén sabe de auga, eses somos nosoutros, coma os dos países nórdicos da neve. E outro tanto, para cando deixa de chover: Escampar, amizar, delampar, ...

Si, certo, este inverno choveu de abondo, contando cos dedos dunha man as xornadas nas que non se precisou o paraguas. A xente lembrou outros anos parecidos, en concreto, aquel no que as nubes comezaran a descargar polo San Froilán e non pararon ata pasar o Entroido. Foi a principios de século, entre o dous mil e o dous mil un. E daquela, a actitude da

xente, igual cá de agora, agardar a que pechasen a billa. Pódese facer algo máis...?

O clima non é unha ciencia exacta. Pero non imos entrar aquí en análises máis profundas, moito menos aludir a ese posible cambio climático do que nos están a falar ultimamente e que sería o culpable destes fenómenos extremos, de inundacións por un lado e secas prolongadas polo outro, sen esquecer o quecemento da auga do mar e a correspondente suba de nivel polo desxeo nos polos. Quédannos demasiado grandes eses temas e así o recoñecemos.

Non obstante, por moito que se repitan -en maior ou menor medida- estas inverneiras con copio-

sas choivas, obsérvase unha pasividade por parte de quen tería que tomar decisións que merece un comentario. As consecuencias vémolos nos desbordamentos dos ríos, que anegan estradas e obrigan a cortar o tráfico. Como exemplo, o Ladra en Begonte, que atravesou a vía do tren ata chegar á nacional sexta. Este episodio repítese cada varios anos e a quen lle compete, non presenta medidas para tratar de aliviar o problema.

E se falamos do estado da rede viaria, precisaríamos de adxectivos para cualificalo. As estradas estráganse co paso do tempo; soportan o peso de vehículos constantemente e as inclemencias meteorolóxicas pasan factura. Pero

isto coñécese de sobra por parte das administracións responsables. Aquí, en Galicia, chove tódolos invernos, en maior ou menor cantidade, polo que cómpre ter en conta esa realidade para actuar. Precísase un plan ambicioso, global que non se dedique a tapar fochancas dunha maneira tan feble que dous meses despois volven a un pésimo estado. Tense que utilizar un material adecuado e resistente en tódalas estradas, municipais, provinciais, autonómicas e estatais. Do contrario, asistiremos á mesma película, con parecido argumento e idéntico final. E xa debería ser hora de mudar a forma de actuar. Choveu sempre, chove e choverá. Pois ...

# O populismo dixital

## O PUPITRE



Julio Díaz

**E**scribía eu no meu “pupitre” de xaneiro “acompañar e non prohibir” onde falaba da prohibición do uso das redes en Australia e mira ti por onde non tarda nin un mes en anunciarse a mesma medida no noso país. É coñecido que os populismos adoitan empregar medidas de impacto social noutros países para facelas súas. Cando o noso Goberno anunciou o seu plan lexislativo para “garantir un entorno dixital seguro”, gran parte da atención levouna o anuncio da prohibición das redes sociais para os menores de 16 anos. Esta impresionante medida ven sumarse á crecente preocupación social polo impacto na saúde mental dos nosos xoves das metodoloxías deseñadas para o enganche dos usuarios, maximizar a súa participación e recompilar datos persoais que son a base do seu negocio. Eu comparto opinión cun gran número de expertos que advirten que o veto ademais de

ineficaz pode vulnerar dereitos fundamentais dos propios menores. Penso eu que en Europa e en España xa existen leis que permiten poñer coto aos deseños enganosos das plataformas, que é o que se traduce nesa perigosa adicción ás pantallas, só temos que facer unha aplicación axeitada das mesmas.

A prohibición de acceso ás redes sociais obrigará ás plataformas dixitais a incorporar sistemas efectivos de verificación da idade dos seus usuarios. A medida outorga responsabilidade individual aos menores, pero tamén as súas familias e, en extensión e de maneira sistemática, ás propias plataformas destas redes sociais.

O primeiro que deberíamos facer é definir, de forma clara, por parte do noso goberno que é o que entende por rede social. En Australia, por exemplo, quedan fóra desta denominación aplicacións como WhatsApp ou Telegram, aplicacións de intelixencia artificial xenerativa e mesmo aplicacións de apostas en liña. E preguntome, son menos prexudiciais estas plataformas?

Que redes sociais prohibirá a normativa española?

Entrarán tamén as plataformas

de vídeo e streaming? Os xogos?...

Outra cuestión importante é como se vai implementar a ferramenta de “carteira dixital Beta” para que poidan verificar a idade dos usuarios antes do inicio de sesión nesas redes sociais; Como se vai xestionar o uso clandestino e non supervisado por parte dos menores nestas plataformas, tanto por parte das propias corporacións como por parte das familias e da comunidade educativa.

Para min sería moi importante saber as evidencias que se tiveron en conta para a proposta desta medida. Afirmar con rotundidade que só as redes sociais son a causa da maioría dos problemas de saúde mental dos nosos xoves e unha visión moi simplista dunha problemática ben complexa de explicar. É moi certo que as zonas do cerebro que regulan o autocontrol, o razoamento e a atención maduran na adolescencia tardía, polo que a autoxestión e dedicación de tempo e acceso aos contidos dixitais debe ser obxecto de supervisión.

Eu só vou engadir que se a medida no noso país vai estar enfocada en mitigar e minimizar



os efectos negativos do uso das redes sociais por parte dos menores, deben planificarse criterios moi claros, transparentes e con mesura de avaliación do seu impacto.

Aínda así quedáname moitas preguntas sen resolver: esta prohibición virá acompañada de medidas educativas que leven ao uso responsable das novas tecnoloxías?

Que papel desempeñarán as familias na aplicación desta medida e como imos acompañalas? Que aplicacións e plataformas

entrarán en dita regulación? Como se regularán o resto dos usos dixitais dos nosos menores? e un largo etc de incógnitas que rodean o complexo mundo da tecnoloxía e a súa influencia na formación e conformación dos nosos rapaces.

Mais aló das prohibicións, o importante é aplicar medidas socializadoras, educativas e familiares que deberían acompañar a calquera proposta que se nos presente para así poder responder as preguntas que anteriormente me pregunto.

## TELÉFONOS DE INTERESE

### ABADÍN

Concello: 982 50 80 21  
Garda Civil: 982 50 80 11  
Centro de Saúde: 982 50 81 22

### A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60  
Garda Civil: 982 34 90 20  
Centro de Saúde: 982 33 21 41

### AS PONTES

Concello: 981 45 31 16  
Policía Local: 981 45 31 91  
Garda Civil: 981 45 00 05  
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

### BEGONTE

Concello: 982 39 61 43  
Garda Civil: 982 39 80 08  
Centro de Saúde: 982 39 69 02

### CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32  
Garda Civil: 982 31 40 02  
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18  
Castro de Rei: 982 31 42 11  
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

### COSPEITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57  
Garda Civil: 982 52 00 17  
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20  
Feira do Monte: 982 50 34 69  
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

### FRÍOL

Concello: 982 37 50 01  
Garda Civil: 982 37 50 02  
Centro de Saúde: 982 37 10 98  
Cita Previa 982 37 10 05

### GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00  
Garda Civil: 982 37 00 01  
Centro de Saúde: 982 37 21 10  
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

### MEIRA

Concello: 982 33 01 02  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 35 69 27  
Cita previa: 982 33 02 40

### MURAS

Concello: 982 50 00 01  
Garda Civil: 982 50 00 20  
Centro de Saúde: 982 50 01 23

### OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Ambulancia: 982 23 16 13  
Centro de Saúde: 982 39 25 98  
Cita previa: 982 39 32 67  
P.A.C.: 982 39 34 00

### POL

Concello: 982 34 50 29  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

### RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Centro de Saúde: 982 39 01 01

### RIOTORTO

Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

### VIALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16  
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50  
Garda Civil: 982 51 03 07  
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

### XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27  
Garda Civil: 982 50 10 08  
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

**+ Teléfonos: [www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)**

**TELÉFONOS DE INTERESE**

**Emerxencias: 112**
**Incendios Forestais: 085**

**Urxencias Sanitarias: 061**
**Garda Civil: 062**

# TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

[redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924  
E-mail: [redaccion@terrachaxa.com](mailto:redaccion@terrachaxa.com)  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU-517-03  
ISSN 2660-4507

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

## DEPORTES



## O Club Loitas Olímpicas Vilalba suma múltiples podios no Galego

O Club Loitas Olímpicas Vilalba participou no pavillón de Teis, en Vigo, nos campionatos galegos das categorías U13, U15 e sénior, asinando unha destacada actuación con numerosos metais en todas as franxas de idade. Na sesión matinal competiron os deportistas das categorías de base. En U13, o club contou coa participación de Carla Cazás, que logrou a medalla de ouro, Daniela González, que se fixo coa prata, e Norah Santos, que tivo que abandonar por lesión. Tamén subiron ao máis alto do podio Isaac Folgueira, con ouro, e Mauro Basanta, que acadou a prata. En U17, a representación vilalbesa mantivo o alto nivel competitivo con medallas de ouro para Sara

Martínez e Mateo Paredes. Héctor Somoza e Andrés Maceira lograron sendas medallas de bronce, mentres que Enrique Seoane rematou na quinta posición da súa categoría.

Xa pola tarde foi a quenda dos sénior, que asinaron un pleno de podios. Jose Cuba, Catriel Pehuén e Ángel Cortés proclamáronse campións galegos nas súas respectivas categorías, mentres que Kevin Cuba obtivo a medalla de prata. Tras estes resultados, o club vilalbés centra agora os seus esforzos na preparación dos campionatos de España das distintas categorías, que se celebrarán nos vindeiros meses e nos que varios dos seus loitadores estarán presentes.

## Morás impuxo a súa lei no II Aberto do Miño

Por Daniel Rodríguez Saavedra

Castro de Ribeiros de Lea volveu acoller unha cita destacada coa billarda coa celebración do II Aberto do Miño, nunha xornada que comezou marcada pola néboa mais que, co paso das horas, deu paso a un ceo despexado e a unha temperatura agradable grazas á presenza de Lorenzo, que se fixo dono do día. Un total de 78 palanadores déronse cita no campo, repartidos en 53 homes, 19 donas e 6 cativos. O terreo, algo brando polas recentes choivas, permitía o xogo aínda que resultou máis esixente do previsto, provocando erros pouco habituais na maioría dos participantes e engadindo emoción á competición.

A quinta carreira resultou decisiva para determinar o gañador do aberto, nunha loita moi axustada entre Markytos, Morás, Carlos e Bonxe. Finalmente, foi Morás quen

se proclamou campión, superando a Markytos e a Bonxe nun desenlace de máxima igualdade.

Na categoría feminina cumpriuse o dito de que os últimos serán os primeiros. Vivi, que inicialmente non estaba anotada para participar, presentouse finalmente á competición e acabou impoñéndose con claridade a Vanesa e Delia, acadando así o primeiro posto.

En infantís, Mateo volveu demostrar o seu gran momento de forma, sen dar opción aos seus rivais. Mauro e Adrián completaron o podio nunha categoría que continúa medrando en nivel e participación.

Na clasificación por equipos, os lucenses Madia Leva puxeron o broche á súa boa tempada inscribindo por primeira vez o seu nome como campións dun aberto, consolidando así o traballo colectivo realizado ao longo do curso.

## O Castro cadete logra ser o campión de Preferente dúas semanas antes

O FSF Castro proclamouse campión da liga Preferente na categoría cadete feminino tras unha brillante tempada. O conxunto chairego asegurou o título dúas semanas antes de rematar como primeiro clasificado do grupo 1, con 4 puntos de vantaxe sobre o Lugo Sala, segundo clasificado.

O empate conseguido a domicilio fronte ao O Parrulo (1-1) foi suficiente para confirmar matematicamente o campionato, grazas tamén á derrota do Superti Ribeira FS, segundo clasificado, o que deixa a FSF Castro cunha vantaxe de sete puntos xa irrecuperable.

O equipo, que aínda non pechou o ciclo, conta xa con 12 vitorias en 15 partidos (ademais dun empate e



dúas derrotas), sendo tamén o máis goleador, 69 tantos fronte aos 60 do Narón, e tamén o menos goleado, xa que só encaixou 18, fronte aos 30 tamén do Narón, segundo.

Este logro reflicte o bo traballo

realizado polo equipo ao longo da tempada, caracterizada pola regularidade, o esforzo colectivo e un alto nivel competitivo, que lle permitiron dominar a liga e coroarse campión con antelación.



## Presentado o cuarto Trail dos Muíños, que será o 23 de maio en Riotorto

O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro participou na presentación do IV Trail dos Muíños de Riotorto que se celebrará o 23 de maio.

A Vicepresidencia da Deputación apoia a organización da proba organizada pola Asociación de Veciños de Ferrería que este ano forma parte por primeira vez do calendario galego de trail, concretamente da Serie Plata, un recoñecemento que impulsa a súa visibilidade e atractivo para atletas de toda Galicia.

No acto, Efrén Castro destacou “a contribución do trail e das populares a estender a actividade deportiva e a fortalecer a base deste deporte” e valorou “o traballo da organización para poñer en marcha e consolidar unha proba destas

características, que pon en valor a paisaxe e o territorio e crea comunidade”.

Interviron tamén Alberto Lombardero, responsable da organización, Clemente Iglesias, alcalde de Riotorto, Manuel Otero, representante da Xunta de Galicia e Iván Sangiao, vicepresidente da Federación Galega de Atletismo.

A proba, que mestura esixencia deportiva e promoción do patrimonio, mantén tres modalidades de participación: un percorrido longo de 21 quilómetros, outro máis curto de 12 quilómetros e unha andaina de 13 quilómetros. O prazo de inscrición na proba abre o este luns, 2 de marzo.

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo achegará 3.000 euros á organización da proba.

## A organización abre as inscricións da carreira popular Concello de Guitiriz Termal

Abertas as inscricións para a XVI Carreira Popular Concello de Guitiriz Termal, que se celebrará o domingo 19 de abril, e que está organizada polo Concello, en colaboración coa Asociación Capaces, formando parte do II Circuito de Carreiras Populares da Terra Chá.

As persoas interesadas en participar, tanto nas diferentes modalidades de carreira como na andaina, poden apuntarse ata o 15 de abril ás 23:59 horas na súa páxina web.

En función dos grupos de idade, a carreira desenvolverase en diferentes modalidades e distancias. As categorías son: Andaina (todas as idades)-9.000 metros; Biberóns (2019 e posteriores)-200 metros; Sub12 (2015-2016) e Sub10 (2017-2018)-800 metros; Sub16 (2011-2012) e Sub14 (2013-2014)-1560 metros; e Absoluta (2010 e anteriores)-5.000 metros.

Ademais, habilitouse unha Fila 0 para que todas aquelas persoas que o desexen, aínda que non participen na carreira, poidan facer a aportación voluntaria que consideren, que será doada á Asociación Somos Unidos Contra el Cáncer, xunto con 1 euro de cada inscrición.

Na mesma semana da carreira presentarase oficialmente o evento no Concello de Guitiriz.

# A Escola de Movemento afronta un intenso calendario competitivo

A Escola de Movemento inicia a etapa máis esixente do curso coa posta en marcha do seu Equipo de Competición 2026, que afrontará nas vindeiras semanas un completo calendario de exames, concursos e eventos de gran nivel.

A primeira cita tivo lugar do 27 ao 29 de febreiro, cando un grupo de alumnas se desprazou a Madrid para presentarse aos exames oficiais de Danza. Luz C., Sara D., Lara F., Tamara L., Olivia L., Carlota O., Adriana R., Sabela V. e Minia V. terán a oportunidade de demostrar o traballo desenvolvido ao longo do curso.

Poucas semanas despois, do 20 ao 22 de marzo, celebrarase a primeira fase do Concurso Nacional de Danza, na que a Escola de Movemento participará cos grupos Gold e Diversity, ademais da bailarina Blanca L.

Nesta primeira fase do concurso, a Escola de Movemento presentará catro coreografías: Panorama Diversity, a cargo do Equipo Diversity; The Crappshooter e Marcho que teño que marchar, interpretadas polo Equipo Gold; e Jailhouse Rock, defendida por Blanca L.

O Equipo de Competición Clasifica-



torio para o Mundial está composto por un total de 92 nenas, nenos e rapazas, responsables de dar vida ás 19 coreografías que a Escola de Movemento presentará no Clasificadorio para o Mundial 2026. Este evento celebrarase de novo en Burgos do 27 ao 29 de marzo e reunirá máis de 1.500 coreografías. A competición desenvolverase de forma ininterrompida desde as 9.00 ata as 22.00 horas, con dous escenarios funcionando de maneira simultánea. A escola participará en distintas categorías —Mini, Children, Junior e Senior— e en modalidades como ballet, lírico, jazz, contemporáneo, acrodance,

showdance, comercial, hip hop e danza nacional.

O calendario continuará o 30 de marzo, cando as 20 rapazas e un rapaz que superaron a audición para bailar en Disney partirán desde Oporto cara a París. Alí participarán, a partir do 2 de abril, no espectáculo Encanto, para o que levan meses preparándose.

Como broche final ao curso, no mes de maio celebrarase a XI Mostra de Danza Belinda Paz, un evento xa consolidado que servirá para poñer en valor o traballo artístico e formativo desenvolvido pola Escola de Movemento ao longo do ano.

# A Copa Deputación escolle aos equipos que xogarán os oitavos

A Copa Deputación de fútbol aproveitou as festas de Entroido para celebrar unha nova eliminatoria, aínda que non en todas as categorías. Non xogaron os de Primeira e Preferente, que xa fixeron a ronda previa e van a oitavos o 19 de marzo, pero os de Segunda e Terceira escolleron esta fin de semana longa aos seus 16 finalistas que celebrarán na mesma data do mes que vén a fase de oitavos.

O resultado máis destacado da sesión foi o 9-0 que marcou o Casás para derrotar ao Castroverde. Avultada tamén foi a vitoria do Muimenta, que superou ao Roupar por 6-1, ou a do Ferreira (3-0) ante o Antas.

A estas tres sumáronse os pases de numerosos equipos por vitoria no verde como Xermade, Matela, San Roque, Santa Comba, Quiroga, Pontenova, Candelaria e Guitiriz.

Tiveron que chegar aos penaltis para meterse na seguinte fase o Rubián, o Lemos B, o Riotorto, o Paradela e o Friol.

**LIGAS DE BASE.** En adultos da feminina non tocou tampouco xogar, xa que esperan a chegada



dos cuartos, pero si houbo tamén competición nas ligas de base. Na xuvenil clasificáronse Lourenzá, Río Ouro, Ribadeo B, Palas, Antas, Sagrado Corazón, San Roque, Meira, A Piringalla e Ferroviaria imponéndose no campo. Na quenda de penaltis as vitorias foron para Corgo B, Ribadeo, Viveiro B, Sarriana e A Piringalla B, quedando o duelo Palas B-Residencia B pendente para marzo.

En cadetes celebráronse os cuartos, con vitoria clara para Sarriana (1-11), Viveiro, Milagrosa,

Ribadeo, A Piringalla, Viveiro C e Burela. Aos penaltis chegaron no Residencia B-Becerreá, con vitoria para os locais.

Na infantil, na que tamén se celebraron os dezaseisavos, as vitorias contundentes foron para Vilalbés, Ribadeo, Guitiriz, Lugo B, Viveiro, Foz, Abuín e Lourenzá. Máis axustados gañaron Sagrado Corazón B, Sarriana, Burela, Becerreá, Palas, Vilalbés B e A Piringalla B. Quedou tamén un partido pendente entre Ribadeo B e Residencia B.

# A Ruta BTT Terra Chá San Simón da Costa percorrerá tres concellos

O sábado 4 de abril, volverá celebrarse a Ruta BTT do Club Ciclista Terra Chá, a que será a décima edición, coincidindo coa Feira do Queixo San Simón da Costa.

Para este 2026 a organización ten preparadas as tres distancias e niveis de dificultade de 75, 45 e 45 quilómetros que percorrerán os concellos de Vilalba, Muras e Xermade. Os desniveis serán de 2000 metros na primeira ruta, 1.700 na segunda e 700 na terceira. Logo, ten unha cuarta variante, para bicicleta gravel, de 70 kms e 1.600 metros de desnivel. Este ano saírase ás 9:00 horas desde a Praza da Constitución, en plena feira.

Aqueles que participen contarán con abundantes avituallamentos, servizo médico e servizo de asisten-

cia mecánica en ruta. Rematarán cuns pinchos para os participantes no lugar da meta.

Haberá un agasallo para o primeiro, segundo e terceiro participante da categoría masculina na distancia longa e para a primeira, segunda e terceira participante da categoría feminina na distancia longa, polo que terán que acreditar ter realizado todo o percorrido mediante Strava. Tamén haberá agasallo para o club máis numeroso e para o participante de maior idade.

As inscricións xa están abertas en CCnorte.com ata o 31 de marzo. O prezo é de 23 euros para federados e de 38 para os que necesiten licenza por un día, e as prazas están limitadas a 300 persoas maiores de 15 anos.

# Castro de Rei acollerá en xuño a primeira edición da Vacaloura Gravel

O Club Ciclista Cidade de Lugo organiza a primeira edición da Vacaloura Gravel, unha proba deportiva que se celebrará o vindeiro 28 de xuño de 2026 con saída e chegada oficiais na localidade de Castro de Rei. A marcha nace co obxectivo de fomentar o ciclismo como actividade física con fins de lecer, turísticos e culturais, ofrecendo ás persoas participantes a oportunidade de descubrir a riqueza natural da Terra Chá.

A saída está programada para as 09:30 horas e a organización porá a disposición dúas opcións de percorrido. A ruta longa, de carácter competitivo, contará cun trazado de 100 quilómetros e un desnivel acumulado positivo de 1.400 metros, segundo os datos rexistrados cun dispositivo Garmin 1030 Plus. Esta modalidade terá clasificación por categorías e entrega de premios para todas elas, incluída a cicloturista. Pola súa banda, a ruta curta terá un percorrido de 55 quilómetros e un desnivel acumulado positivo de 700 metros, tamén segundo medición con Garmin 1030 Plus. Neste caso, a participación non será competitiva, establecerase unha clasificación xeral sen distinción de categorías e non haberá opción a premios.

Será obrigatorio o uso de GPS co track oficial facilitado pola organización previamente cargado no dispositivo. A marcha está aberta a deportistas maiores de 16 anos



que cumpran cos requisitos de inscrición e aptitude física establecidos no regulamento. A inscrición previa no Club Ciclista Cidade de Lugo será obrigatoria e, unha vez formalizada, a organización asignará a cada participante un dorsal e/ou placa identificativa para o cadro da bicicleta.

A proba permitirá a participación con bicicletas das modalidades gravel e e-gravel, sempre que se axusten á normativa técnica establecida. As persoas que participen con bicicletas e-gravel con asistencia eléctrica poderán completar tanto a ruta curta como a longa, mais non poderán optar á clasificación competitiva nin aos trofeos, que estarán reservados exclusivamente ás bicicletas gravel sen asistencia eléctrica.

Co fin de garantir a viabilidade do evento, o número máximo de inscricións limitarase a 300 ciclistas.

DE RUTA EN RUTA

# Trabada: ruta do vento

As excelentes vistas dos vales circundantes ábrese paso entre os bosques autóctonos de carballos, madroños, acivros e abeleiras

Trabada conta con numerosas rutas de sendeirismo polas súas fragas de singular beleza natural. Un pequeno e único territorio, que agarda silencioso que o visitante se achegue e desfrute das súas múltiples riquezas e experiencias, onde se impregnará do paraíso en estado puro. A riqueza deste pobo, Trabada, pódese ver, escoitar, ulir, tocar e saborear. Un dispendio de sensibilidade para os sentidos... Afínaos, porque en Trabada a natureza móstrase na súa máxima expresión. Esta ruta é moi sinxela, discorre na súa totalidade por pistas existentes, de escasa pendente. Ademais da fascinante paisaxe, pódese desfrutar de impresionantes vistas panorámicas desde o alto de Cerrochán, o punto máis alto do Concello (776 m.), así como dunha explotación mineira a ceo aberto. É ideal para un percorrido en bicicleta ou a cabalo, aínda que non ten unha lonxitude excesiva para poder realizarse camiñando. Comeza na Área Recreativa Chao do Couso que conta cunha pon-

te, varias mesas e un refuxio. Séguese pola estrada de Riotorto aproximadamente uns 300m para logo desviarse á esquerda por un camiño que nos levará ata o alto do Cerrochán, onde se pode desfrutar dunha excelente vista dos vales de Trabada. Continuando, avístase un arboredo que envolve ao visitante ofrecendo unha sensación de tranquilidade, ao observar a ambos lados do camiño magníficas fragas conformadas por unha diversidade de especies. Seguindo o camiño, atópase un pequeno agasallo da natureza en forma de cascada e unha fonte. Continuando o camiño, rodeados pola Fraga da Cabanela, chégase a un punto en onde se une coa ruta da Fraga da Vilapena, dese punto sae un ramal á dereita para deleitarse cunha vista panorámica espléndida da Fraga de Vila-pena e de Vilaformán, que poderemos alcanzar opcionalmente, unha media hora máis, entre ida e volta. Unha vez visto o panorama, tomarase o camiño de regreso ata o punto de partida. Parte deste último tramo é compartido co da ruta da Fraga de Vilapena, conta cun refuxio de madeira e pódese observar a gran diversidade de especies: erbedeiros, acivros, castiñeiros... ata o punto no que gradualmente cambia a paisaxe e o sendeiro ábrese a unha paisaxe transformado pola man do home, onde destacan masas de coníferas, e entre elas o pino silvestre. Así, e case sen darse conta, o visitante acaba o percorrido.



**DATOS**



4 horas



11 quilómetros



Dificultade media



**CAP**  
TODOS LOS  
MESES

**Cursos y  
Certificados**

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

**Formación Bonificada**

**GRUPO FORMAT**  
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
Telf.: 982 51 36 05